ÁNXEL CASAL, UN EDITOR PARA UN PAÍS

COORDINADOR
Alfonso Mato

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 1

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 2

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 3

ÁNXEL CASAL,
UN EDITOR PARA UN PAÍS

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 4

Ánxel Casal, un editor para un país : catálogos de Lar e Nós / coordinador, Alfonso Mato. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega : Seminario de Estudos Galegos, 2007. — 316 p. : il. ; 24 cm
D.L. C 4413 - 2007 — ISBN 978-84-96530-47-8
1. Casal, Ánxel. 2 Edición-Galicia-S. XX. I. Mato, Alfonso. II. Consello da Cultura Galega. II. Seminario de Estudos Galegos

O debuxo da cuberta, de Luís Seoane, é unha das ilustracións que o artista realizou para o libro de poemas *Mar ao Norde,* de Álvaro Cunqueiro, publicado pola Editorial Nós en 1932.

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2007
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957 202 Fax 981 957 205
correo@consellodacultura.org
Web: http://www.consellodacultura.org

© SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, 2007
Instituto Galego de Información
San Marcos, s/n
15820 Santiago de Compostela
Tel. 981 554 586
secretaria@nseg.org
Web: http://www.nseg.org

ISBN 978-84-96530-47-8
Depósito legal C 4413 - 2007
Imprime: UNIDIXITAL - Servizo de Edición Dixital da
Universidade de Santiago de Compostela - Unidixital

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 5

ÁNXEL CASAL,
UN EDITOR PARA UN PAÍS

Catálogos de LAR e NÓS

COORDINADOR
Alfonso Mato

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 6

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 7

Índice

Lembranzas de Ánxel Casal
Isaac Díaz Pardo 9

Un editor nacional
Ramón Villares 11

Limiar
Alfonso Mato 13

Cronoloxía 15

Ánxel Casal: flor de esperanza dunha nova literatura
Ernesto Vázquez Souza 21

A ilustración do libro en Galicia. Ánxel Casal ao servizo do libro galego
Mercedes Bangueses 35

Ánxel Casal, a imprenta Nós e o panfleto político na II República
M.ª de Lourdes Pérez González 53

Catálogos das editoriais Lar e Nós
Alfonso Mato e M.ª de Lourdes Pérez González 59

I. Editorial Lar 61

As cubertas de Lar 83

II. Editorial Nós 105

As cubertas de Nós 173

Propaganda política impresa por Ánxel Casal na II República
M.ª de Lourdes Pérez González 233

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 8

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 9

Lembranzas de Ánxel Casal

Non sei por que me tocou estar presente en tantas cousas que teñen que ver co movemento renovador da identidade galega, que pasa polo Estatuto de autonomía de Galicia do ano 1932, plebiscitado en 1936, e a desfeita de xullo deste último ano. A culpa, sen dúbida, tívoa meu pai, que no ano 1920 veu para Santiago de Compostela, onde nacín eu. O meu proxenitor, que tiña unha entrañable amizade con Ánxel Casal e unha grande identificación cos fundadores das Irmandades da Fala, xa colaborara na Coruña coas editoriais Lar e Nós.

En 1923 fúndase en Santiago o Seminario de Estudos Galegos; aínda que a súa idea parte dos nove rapaces universitarios que peregrinaron a Ortoño, outra xente con poder decisorio veu prestar o seu esforzo para converter a idea en realidade: os catedráticos Cotarelo e Cabeza de León e un personaxe excepcional como Ánxel Casal foron fundamentais para o desenvolvemento da institución. Cando Castelao subliña a importancia de Casal por riba de todos nós, coido que está relembrando non só o renovador do libro galego, senón tamén a importancia que para Galicia tivo o seu traballo como rexistrador e divulgador do labor do Seminario de Estudos Galegos.

A relación do meu pai co Seminario e con Casal, e con todas as xentes que estes arrastraban, puxo diante dos meus ollos personaxes sobranceiros da nosa terra, pois o Seminario converteuse nunha atracción imparable para as persoas preocupadas por Galicia: Vicente Risco, Otero Pedrayo, Arturo Noguerol, Xaquín Lorenzo, Castelao, Bóveda, Osorio Tafall, Paz Andrade, Xoán González del Valle, Xaime Quintanilla, Rafael Dieste, Parga Condal, os Carré Alvarellos, etc., así como Bal y Gay, que coa súa colaboración no Instituto de Estudios Históricos, no estudo do cancioneiro galego, incorporou a Martínez Torner ao labor do Seminario.

Á miña casa, sobre todo a que se coñece co apelativo da Casa da Tumbona, viñan xentes do norte e do sur con preocupacións nacionalistas, como buscando un acordo coa persoa, meu pai, que trouxera a voz das Irmandades da Fala a Santiago. Eu era un rapaz que observaba aquilo sen entendelo, mais gardo no peto da memoria algunhas anécdotas que co tempo adquiriron significado para min.

No ano 1930 as cousas cambiaron. Meu pai foise para América, como escenógrafo e algo máis da Coral de Ruada, e levou como presentador do coro a Salvador García Bodaño. Desde o ano 1920 viviramos no número 20 da rúa das Hortas, mais en 1930 mudámonos a unha pequena casa da rúa de Carretas. Meu pai deixoulle a Ánxel Casal a casa das Hortas, a onde trasladou, contra a primavera de 1931 e desde A Coruña, a

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 10

editorial e imprenta Nós. Diversos motivos obrigaron a Casal a este traslado, o máis evidente, estar a carón do Seminario de Estudos Galegos, pois as publicacións da institución movían moito chumbo. Durante dous anos, a editorial e imprenta Nós tivo o seu domicilio na rúa das Hortas, ata a súa instalación no ben coñecido e céntrico local da rúa do Vilar, 15, onde se xuntaban con Casal os seus moitos amigos escritores.

Mentres Casal editaba, a súa dona, María Miramontes, cosía. Mais María non era unha modista calquera. Eu escoitaba falar da súa sona na miña casa. Semella que xa na Coruña cubrira un sector de alta costura e, logo en Compostela, seguiu vestindo a donas distinguidas. O matrimonio viviu entre 1933 e 1936 no hoxe número 16 –por entón coido que era o número 18- do Inferniño de Arriba –agora, a abundancia de xente fina chámalle Avenida de Rajoy, aínda que segue sendo pouco máis que un canellón. A gran ventá da habitación, cunha cortina que se ve desde o exterior, onde María Miramontes tiña a súa sala de probas, no baixo da casa, curiosamente segue igual que daquela. Para min esta casa era moi familiar pois ía moi a miúdo con recados do meu pai para Casal. Tense dito que do taller de costura de María Miramontes saíron algúns cartos para axudar no labor heroico que sostiña o seu home coa editorial Nós.

Isaac Díaz Pardo

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 11

Un editor nacional

Ánxel Casal tivo unha vida curta, pero intensa. Asasinado por razóns ideolóxicas apenas pasados os corenta anos, a súa executoria vital deixou un ronsel que mesmo asombra nos tempos de hoxe, nos que dispomos de ferramentas e posibilidades infinitamente superiores ás de hai setenta ou oitenta anos. Era, daquela, unha figura da política nacionalista como alcalde de Compostela e como dirixente do Comité de Autonomía que acababa de lograr o plebiscito popular do Estatuto, en xuño de 1936. Pero unha longa traxectoria avalaba xa a súa figura, desde os tempos da emigración en América ou en Francia, do seu retorno á cidade natal d'A Coruña e, desde 1931, da súa instalación en Compostela. En dous campos deixou Casal unha laboría excepcional, no da política e no da industria cultural.

No campo da política, como membro das Irmandades da Fala na súa versión coruñesa, foi do grupo que quixo modernizar a acción política na Galicia do primeiro terzo do século XX, mediante o recurso á educación cívica e ao exercicio sen complexos da actividade política como un medio de redimir a sociedade en que vivía. Vencellado a A. Villar Ponte e L. Peña Novo, xuntou en si mesmo moitas das virtudes das figuras políticas da Galicia da preguerra: orixes populares, pero con capacidade para o ascenso social; formación autodidacta, con fecunda experiencia na emigración; compromiso coa cultura e coa política dunha Galicia que loitaba por deixar de ser rural e, sobre todo, que comezaba a ter conciencia de si mesma e do valor da súa lingua e cultura; vontade rexeneracionista, nunha sociedade trufada de dependencias clientelares e de medos xustificados aos poderes públicos; en suma, unha expresión persoal do que foi unha actitude epocal: combinación de acción política e decisión de «regaleguizar» Galicia mediante a construción dunha cultura nacional.

Sen facer de menos a condición política de Ánxel Casal, creo que o seu gran contributo á Galicia do século XX estivo no campo da industria cultural. Non é preciso ser seguidista da coñecida frase de Castelao a respecto da obra de Casal –«il fixo por Galicia máis do que todos nós»-, para poder afirmar esta primacía da cultura sobre da política no conxunto da súa biografía. É, como se pode apreciar neste libro, pola amplitude e orixinalidade con que traballou Casal no seu intento de dotar Galicia, coa lingua galega como vehículo de comunicación, dunha estrutura editorial estable, tanto na edición propiamente dita de textos fundamentais para a cultura galega moderna, como na presentación estética desas obras, de acordo coas tendencias máis comúns da edición europea do momento. Casal foi no campo da industria cultural o que Risco no

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 12

da teoría nacionalista, Otero na prosa romancística ou Castelao no deseño e, desde logo, no liderado político.

Os editores son os intermediarios por excelencia entre creadores e lectores. Sen figuras que teñan a capacidade de se converteren en referentes, a difusión da cultura letrada fica ao albur de impresores e libreiros, cando non da incerteza das edicións de autor con máis ou menos apoio institucional. Na historia da cultura galega cóntase con importantes impresores e con algúns memorables editores nos tempos do Rexurdimento, como Juan Compañel ou Manuel Soto Freire, que non lograron continuidade. Nos tempos do Rexionalismo, figuras como as de Martínez Salazar ou Eugenio Carré tentaron de novo fundar unha tradición editorial en Galicia, que deixou importantes contributos en obras como as da «Biblioteca Gallega», principiada en 1885 co libro *Los Precursores*, un dos textos máis sólidos do patriarca Murguía, ou na «Librería Regional» da familia Carré. Pero alén de seren publicacións feitas decote en lingua castelá, carecían do alento necesario para se volveren expresión dunha industria cultural nacional.

Como en tantos outros campos da historia galega do primeiro terzo do século XX, foi a eclosión do nacionalismo político e cultural, a través das Irmandades da Fala, do grupo Nós e do Seminario de Estudos Galegos, o que fixo posible a aparición de novas estruturas editoriais. Tres nomes salientan claramente nesta nova xeira, os de Xaime Quintanilla, co seu selo ferrolán de *Céltiga*, e os de Eugenio Carré e Ánxel Casal, que comezaron de parcería na cidade d'A Coruña coa aventura de *Lar*, logo seguida en solitario por Casal, coa editorial *Nós*, definitivamente asentada en Compostela a partir de 1931. Gromos todos eles dunha estrutura editorial que tentaba crear unha plataforma estable de expresión da cultura galega, que a desfeita de 1936 esborrallou como se fose un dique de area. Reconstruír este tecido editorial foi un proceso longo, que comezaría coa aparición de *Monterrey* en 1949 e de *Galaxia* en 1950, pero que, en rigor, non se normalizou ata os tempos da construción do actual réxime autonómico. De aí a grandeza dun pioneiro como Casal.

O libro que agora se publica ten o obxectivo de presentar case de forma exhaustiva toda a obra editorial de Ánxel Casal, precedida de serios estudos preliminares e acompañada de fichas técnicas, así como da reprodución da maioría das capas das obras editadas e coidadas por Casal nos diferentes selos editoriais nos que participou. O novo Seminario de Estudos Galegos foi a institución que preparou este traballo, dando exemplo máis unha vez de coherencia coa tradición e co espírito aos que o seu propio nome lle obriga. O Consello da Cultura Galega, que tampouco se quere atopar de todo lonxe daquel espírito, súmase con entusiasmo a esta iniciativa, acollendo a súa publicación. Non é a primeira vez que ambas as institucións colaboran e nesta ocasión a ledicia é máis forte por se tratar da homenaxe a un grande editor galego, pero tamén pola calidade e elegancia estética daquel obradoiro editorial que foi capaz de xuntar o mellor da creación literaria e artística da Galicia da preguerra.

Ramón Villares

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 13

Limiar

Vai para máis de catro anos que se comezou a xestar o proxecto deste catálogo, cando desde o Instituto Galego de Información e por encargo de Isaac Díaz Pardo coordinei unha exposición dedicada a Ánxel Casal coa que se inaugurou, o 17 de maio de 2003, o novo edificio da Galería Sargadelos en Santiago de Compostela. Daquela, ademais dun texto en que se resumía a moi pouco coñecida biografía de Casal na súa dobre vertente de editor-impresor e político, mostráronse por primeira vez case todas as publicacións que editou e imprimiu tanto en Lar, xunto con Leandro Carré Alvarellos, como en Nós, xa en solitario. Tamén por esas datas presentáronse na mesma Galería dous libros publicados por Ediciós do Castro na colección Documentos para a historia contemporánea de Galicia, dous volumes que contiñan a tese de doutoramento que sobre Casal fixera Ernesto Vázquez Souza: *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*, en colaboración co profesor Xosé María Dobarro, director da tese, e *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal e o libro galego moderno*. É de xustiza dicir que sen o traballo previo de Ernesto Váquez Souza, a persoa que máis e mellor investigou ata o momento sobre Casal, non sería posible realizar nin aquela exposición nin este catálogo.

Pensando na posibilidade futura de editar un catálogo das publicacións de Casal, realizouse por entón unha primeira catalogación das obras, aproveitando os dous meses que estivo a exposición na Galería Sargadelos. Encargouse dela, con gran xenerosidade, Lourdes Pérez González, bibliotecaria da Universidade de Santiago de Compostela. Tempo despois tocoume a min revisar e ampliar os rexistros bibliográficos, co obxectivo de fixar os títulos editados e impresos en Lar e Nós e de subministrar a maior información posible aos usuarios do catálogo, sobre todo aos interesados na historia da cultura galega dos anos vinte e trinta. Fun tamén o responsable, quizais influenciado pola miña querenza como investigador por ese período histórico, de publicar os rexistros por orde cronolóxica e non alfabética, para poder ver mellor o traballo desenvolvido por Casal nas dúas imprentas-editoriais. En canto á catalogación da pequena mostra dos papeis de propaganda política impresa por Casal nos anos da República -só conseguimos localizar no Arquivo Universitario unha parte dos que empregou Vázquez Souza na súa tese-, que aparece ao final do catálogo a xeito de apéndice, foi obra de Lourdes Pérez González, quen tamén asina o traballo introdutorio sobre o tema. Os outros dous traballos introdutorios, os dedicados á figura de Casal como editor e á ilustración en Lar e Nós, son respectivamente de Ernesto Vázquez Souza e de Mercedes Bangueses, profesora de Historia no ensino medio e autora dunha

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 14

tese de doutoramento sobre a ilustración do libro en Galicia entre 1880 e 1936. En canto á cronoloxía de Casal, coa que se abre este catálogo, foi elaborada por min a partir da xa citada tese de Vázquez Souza.

Este libro non sería posible sen o esforzo e a colaboración de moita xente. Ademais dos autores xa citados, que traballaron no proxecto de xeito totalmente xeneroso e gratuíto, quero mostrar público agradecemento ás bibliotecas e particulares que nos prestaron os libros, folletos e publicacións periódicas editados e impresos por Lar e Nós para a exposición que deu lugar a este catálogo: Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento» do CSIC, Museo do Pobo Galego, Real Academia Galega, Fundación Penzol, Reunión de Artesanos da Coruña, Seminario de Sargadelos, Museo Carlos Maside e Guillermo Escrigas. Van tamén grazas para os traballadores do Instituto Galego de Información e da Galería Sargadelos de Santiago, pola súa colaboración tanto na realización e montaxe da exposición como en distintos aspectos técnicos do libro. E, como non, para o Consello da Cultura Galega, que nos axudou a publicar esta obra e supervisou a corrección lingüística e a maquetación do texto –grazas nomeadamente a Begoña Tajes e Anxos Sumai. E para Isaac Díaz Pardo, porque sen o seu ánimo sería moito máis difícil facer estas cousas.

A relación de Casal co Seminario de Estudos Galegos comezou cando a editorial Lar publicou, en novembro de 1925, o primeiro libro da Biblioteca do SEG. Desde a creación de Nós, en agosto de 1927, Casal fíxose cargo da impresión da maioría das publicacións do Seminario, ademais de colaborar coa institución e alentar o traballo dos socios. É sabido como rematou esta historia logo do levantamento militar de xullo de 1936 contra a República, con Casal executado e o Seminario prohibido e espoliado. E a xeito de coda, dous episodios que tiveron lugar no interior e no exilio, relacionados con dúas obras do Seminario que ían ser publicadas por Casal se non pasara o que pasou. A primeira, o *Codex Calixtinus*, que apareceu en 1944 como edición dun centro de investigación pertencente a unha institución creada daquela polos vencedores da Guerra Civil, o Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento» do CSIC, no que se integraran algúns dos socios do SEG. A segunda, o traballo de Castelao sobre *As cruces de pedra na Galiza*, que o seu autor quixo que vira a luz como o que era, unha obra do Seminario de Estudos Galegos, e que fora publicada onde debería terse feito, na Editorial Nós, non na desaparecida da rúa do Vilar de Santiago, senón na financiada e creada no exilio galego na Arxentina polo empresario Manuel Puente.

Non resulta fácil de entender por que o mundo do galeguismo e da cultura galega non lle dedicou a atención que merecía ao labor do home que fixo posible a publicación dos nosos clásicos da época das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos. Imaxino que algún día os historiadores da cultura responderán a esta pregunta. En calquera caso e hoxe por hoxe, a piques de cumprirse 30 anos da restauración do Seminario de Estudos Galegos, queremos render homenaxe a Casal contribuíndo a divulgar o seu traballo como o grande editor e impresor da Galicia daquel tempo que tantas cousas prometía.

Alfonso Mato
Seminario de Estudos Galegos

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 15

Cronoloxía

1895

17 de decembro. Nace na Coruña, na casa n.º 28 da Fonte de San Andrés, Ánxel Casal Gosenge. Os seus pais, Manuel Casal Basteiro, xornaleiro natural de Vilantime (Arzúa), e Filomena Gosenge Arias, de Visantoña (Santiso), aparecían no padrón municipal de 1894 como criados dun crego, co que habitaban no segundo andar da citada vivenda.

1901

Falecemento da nai de Casal. O seu pai casará con María Salgado Otero. En 1908 a parella vive xunto cos dous fillos do anterior matrimonio, Ánxel e Genoveva, nos dous primeiros pisos do n.º 40 da rúa Galera. Segundo o seu medio irmán, Manuel Casal Agra, Casal traballou de neno na fonda e mais na xastraría familiar.

1909

Segundo Francisco Fernández del Riego, Casal emigrou aos 14 anos a Bos Aires. Xan Brañas Cancelo, amigo de Casal e concelleiro galeguista en Santiago en 1936, ten contado que tamén pasou un tempo en Cuba. Álvaro de las Casas, na introdución á entrevista que lle fixo en 1934 para *El Pueblo Gallego*, afirma que traballou en París, Bos Aires e Lisboa. O certo e que, ata o momento, descoñecemos o periplo emigratorio de Casal. Á volta da emigración, segundo Fernández del Riego e Manuel Casal Agra, traballou nas oficinas do Consulado de Francia na Coruña, emprego que o levou durante uns meses á cidade francesa de Bordeos.

1911

Logo da morte de María Salgado, o pai de Casal casou por terceira vez, con María Agra Carrón, coa que tería cinco fillos: Carmen, Luís, Manuel, María e Purificación.

1914

Segundo Fernández del Riego, Casal entra de voluntario no servizo militar. No padrón municipal de 1917 aparece como soldado, vivindo na casa dos seus pais, no primeiro andar do n.º 69 da rúa de San Andrés. En 1920 semella que xa debería estar independizado, pois non figura empadroado na que sería a definitiva morada da súa familia, no primeiro andar do n.º 9 da praza de María Pita.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 16

1916

O 17 de maio constitúese no local social da Academia Galega a Irmandade dos Amigos da Fala. Once días despois fúndase a Irmandade de Santiago e nos meses e anos seguintes chegan a constituírse 28 Irmandades nas principais cidades e vilas de Galicia. Casal militará nas Irmandades desde o momento da súa fundación. No primeiro número de *A Nosa Terra* como boletín das Irmandades (14/11/1916), Casal aparece na lista de redactores e colaboradores. Outros membros da familia Casal militaron na Irmandade coruñesa: o seu pai, a súa irmá Genoveva Casal e a que logo sería a súa muller, María Miramontes Mato. Casal pertenceu ao grupo máis politizado da Irmandade, de compromiso republicano: Arturo Taracido, Federico Zamora, Alfredo Somoza, Antón Villar Ponte, Lois Peña Novo, Benito Ferreiro, Carlos Monasterio, Fernando Blanco Sallares.

1917

Figura entre os subscritores para erguer un mausoleo no cemiterio de Carral en honor aos mártires do levantamento de 1846. Segundo Fernández del Riego participa activamente, en Nadal, nos actos de propaganda e organización que fixeron as Irmandades co gallo da visita a Galicia dunha delegación dos catalanistas da Lliga Regionalista, encabezada por Cambó.

1918

Asiste, o 24 de abril, con outros membros da Irmandade coruñesa, como Lugrís, Peña Novo e Antón Villar Ponte, a un mitin en Sada. Participa, o 17 e o 18 de novembro, na Asemblea das Irmandades da Fala en Lugo e asina, con outros 62 asistentes, o manifesto fundacional do nacionalismo galego.

1920

O 25 de setembro casa con María Miramontes Mato, moza de 25 anos, natural de Guísamo e veciña da parroquia coruñesa de San Nicolás, de profesión modista e tamén activa integrante da Irmandade coruñesa. Foron testemuñas outros dous irmandiños: Fernando Lago Portela e Fernando Blanco Sallares. O matrimonio alugou un baixo no n.º 9 da rúa Panaderas, fronte á casa de Santiago Casares Quiroga, no que ademais da vivenda instalou un comercio dedicado á venda de retallos de tecidos. Ao tempo, María exercía como costureira e Ánxel axudaba economicamente con clases de francés e semella que incluso facendo algunha tradución. Máis tarde, a parella trasladou o seu domicilio á rúa Galera, 50, e logo ao emblemático primeiro andar da rúa Real, 36.

1921

Casal é elixido vogal da Xunta Directiva da Irmandade coruñesa.

1923

En febreiro, no enterro do patriarca das letras galegas -Manuel Murguía-, Casal é un dos encargados de portar o féretro. En abril é nomeado vicesecretario da Irmandade coruñesa. En maio é elixido secretario da Comisión Política da Irmandade, presidida por Lois Peña Novo. Participa nas campañas agrario-nacionalistas e reivindicativas

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 17

organizadas polos irmandiños. Colabora como actor na Escola Dramática Galega, na obra *A patria do labrego*, de Antón Villar Ponte, na que interpreta o papel do señorito. Figura na primeira relación de socios protectores das Escolas do Insiño Galego.

1924

Aos poucos meses de botarse a andar as Escolas do Insiño Galego, Casal faise cargo da iniciativa. Crea co bibliotecario das Irmandades, Leandro Carré Alvarellos, a editorial Lar, na que Carré será o director-propietario e Casal o administrador. O domicilio de Casal, na rúa Real, 36, 1º, será tamén sede da editorial Lar, da Irmandade coruñesa e das Escolas do Insiño Galego.

1926

É nomeado secretario da Irmandade coruñesa, cargo en que permanece ata 1929.

1927

En agosto abandona a editorial Lar, que queda en mans de Carré, agora na rúa da Franxa, 34, baixo, e funda a editorial e imprenta Nós, que continúa no seu domicilio da rúa Real, 36, 1º.

1928

Faise cargo das publicacións do Seminario de Estudos Galegos.

1929

En setembro participa, xunto con outros militantes irmandiños e cos republicanos liderados por Santiago Casares Quiroga, na fundación da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA).

1930

Edita o xornal de tarde *El Momento*, ligado aos presupostos ideolóxicos, republicanos e galeguistas da ORGA. Para editar o xornal aluga un local máis amplo, en Linares Rivas, 50, baixo. O fracaso do xornal, do que só sairán 14 números, cargou de débedas a Casal e freou a expansión da editorial.

1931

Asiste á proclamación da Segunda República na Coruña. Contra maio ou xuño de 1931 traslada a imprenta e editorial Nós a Santiago de Compostela e instálase no n.º 20 da rúa das Hortas, onde vivía o seu amigo, o pintor, cartelista e escenógrafo Camilo Díaz Baliño. O 14 de xuño asina o manifesto da Esquerda Galeguista. No outono colabora na preparación da asemblea fundacional do Partido Galeguista (PG), que se celebrou en decembro en Pontevedra.

1932

En febreiro pasa a formar parte, como secretario de propaganda, da primeira directiva do grupo local do PG, xunto con López Durá, Fernández del Riego, Manuel Beiras e Francisco Barreiro Salaño. En xullo asiste á xuntanza organizada no Concello de

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 18

Santiago polo alcalde, Raimundo López Pol, para convocar a Asemblea de Municipios para a redacción do Estatuto de autonomía de Galicia.

1933

Entre abril e xuño traslada a imprenta e editorial ao centro de Santiago, ao coñecido baixo da rúa do Vilar, 15. Participa nun mitin autonomista, preto de Santiago, xunto con Álvaro de las Casas, Xurxo Lorenzo e Fernández del Riego. É un dos militantes que participan, o 24 e o 25 de xuño, nos actos organizados para os expedicionarios de Galeuzca. En decembro publica o semanario republicano e galeguista *Claridad*.

1934

Participa no Mitin das Arengas, na praza da Quintana, en Santiago de Compostela. En setembro, nunha entrevista que lle fai Álvaro de las Casas en *El Pueblo Gallego*, anuncia o peche da editorial. Os máis importantes escritores da época súmanse á organización dunha homenaxe a Casal, que ía ter lugar o 7 de outubro no Hotel Compostela, pero que impediu a revolución de outubro.

1935

Forma parte do Consello dos Ultreya, xunto con Álvaro de las Casas, Vicente Risco, Filgueira Valverde, Barreiro Salaño, Fernández Barbazán, Camilo Díaz Baliño, X. Martínez López e Fernández del Riego. En abril participa, como membro da mesa presidencial, na VI Asemblea do PG en Santiago. Publica o semanario de esquerdas *Ser*, continuador de *Claridad*. Participa no mitin do 1º de maio en Muros, xunto a Fernando Caamaño, o catedrático Miaja de la Muela, Elías Arias de Parga e Ramón Suárez Picallo. Forma parte do Comité da Fronte Popular de Santiago.

1936

O 23 de febreiro é elixido alcalde de Santiago, un mes máis tarde deputado provincial e logo vicepresidente da Deputación da Coruña. Tamén foi vicepresidente do Comité Central da Autonomía de Galicia –actuou practicamente como presidente en funcións pola ausencia de Galicia de Bibiano Fernández Osorio Tafall– e presidente do seu Comité Executivo. O 9 de xullo dimitiu, cos outros concelleiros do PG, como edil e como alcalde do Concello. O 17 de xullo participou, cos outros membros da Comisión estatutaria, na entrega do Estatuto de Galicia ao presidente do Congreso, logo de ser recibidos en audiencia polo presidente da República. Acabado de chegar a Santiago o 20 de xullo, e diante dos graves sucesos derivados do golpe de estado do día 18, fíxose cargo de novo da alcaldía a petición do comité de defensa que formaran o día 19 os partidos e sindicatos locais. O mesmo día 20, ás 12 da noite, a autoridade militar obrigouno a ceder o mando. Casal refuxiouse na aldea natal de Vilantime (Arzúa). Alí foi detido o 4 de agosto e conducido á cadea de Santiago, chea de presos republicanos, entre eles o seu amigo e camarada Camilo Díaz Baliño, quen debuxou a lapis o retrato de Casal e doutros compañeiros. O 8 de agosto declarou como testemuña no proceso aberto contra os membros do comité de defensa. E a noite do 18 ao 19 de agosto foi asasinado nunha curva de Cacheiras, preto do cemiterio de Teo, nos arredores de Santiago.

Logo da morte do seu marido, María Miramontes embarcou, en novembro de 1936, para Bos Aires. Alí instalouse na casa duns parentes e retomou o seu oficio de modista.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 19

Andando os anos casou cun curmán, Pedro Miramontes, membro da familia coa que vivía. Co matrimonio Seoane gustaba de recordar os tempos de Santiago, mantendo sempre na memoria a Casal. Morreu o 17 de setembro de 1964.

En 1940 as Mocedades Galeguistas da Arxentina publicaban un discurso de Castelao baixo o selo de Ediciós Ánxel Casal, o mesmo que empregaría 12 anos máis tarde Luís Seoane para editar o seu poemario *Fardel de eisilado* e render homenaxe ao editor inmolado. En 1950, Manuel Puente financiou e creou a Editorial Nós para publicar *As cruces de pedra na Galiza*, de Castelao, e os dous primeiros tomos da monumental *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo. Este último, no seu *Libro dos amigos* (Bos Aires, 1953), nas reflexións que lle dedica a Casal, recolle a famosa frase de Castelao sobre o editor: *Unha vegada dixo Castelao, e foi en solene ocasión de tremaren fondamente dooridos os alicerces de unha esencial amizade: –Casal por Galicia fixo máis do que todos nós.*

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 20

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 21

Ánxel Casal: flor de esperanza dunha nova literatura

Ernesto Vázquez Souza

> *NÓS (dito en termos mariñeiros que tan ben cadran entre xentes de ribeira) é unha embarcazón tripulada por todol-os galegos que arelan unha Patria libre e culta, por todol--os que lên e por todol-os que escriben o idioma vernáculo, sexan da escola e da banda que queiran. ¡Non pode haber diferenzas entre pelerinos d'un mesmo Ideal! En Nós estamos todos: uns sabemos xa do noso enrolamento e outros que, como vostede, tamen son da compaña, temol-os a bordo, inda que se non teñan decatado*. (Carta de Ánxel Casal a Rafael Dieste. A Coruña, 9-1-1928)

A pesar da gran lección dada polos embrionarios estadounidenses en 1776, aínda hoxe se mantén o tópico de recorrer a figuracións históricas, a pegadas literarias remotas ou a códices xurídicos entroncados nas fins de Roma, para xustificar (ou para non facelo) a lexitimidade das manifestacións culturais sinaladas con rango de nacionais. Deixados de lado, por fin, argumentos tan poderosos ata o século XX como a raza ou a relixión, continúase a atender ás antigüidades literarias para xustificar as esencias patrias presentes e o pedigree medieval destas para presentar hoxe un dos máis importantes avais á hora de existiren as linguas nacionais. Ter unha literatura nacional era un dos puntos, segundo o meu Lázaro Carreter de 1º de BUP, polos que se diferenciaba unha lingua dun dialecto. Outro era o aval estatal (tal e como escribiran moito antes Duarte Nunes ou Nebrija) e, consecuentemente, ter unha mariña e un exército en condicións.

E nós, arrastrados polos orgullos nacionais dos «grandes» estados europeos, continuamos a polemizar nesas teimas de liñaxe de «cristiáns vellos» como se o cancioneiro da tía do Marqués de Santillana puidese valernos máis neste hoxe un tanto escuro que a lección que sobre «papeis derrocadeiros» nos daba o belicoso Joan de Novoa e que lle refería en grave epístola Gondomar a Andrés de Prada.

Para non incorrermos en incoherencias históricas conviría, quizais, ir sinalando que o que é ou non unha literatura é un tema demasiado complexo. Tanto que só nos permitiremos apuntar que máis que afrontar un corpus milenario coma un obxecto único e eterno habería que separar varios estadios (ou varias literaturas) na análise das manifestacións literarias acontecidas nun territorio (non sempre o mesmo) ao longo de varios séculos. Mesturar diferentes períodos da historia da humanidade cos seus moi diferentes valores, obxectos, conceptos e suxeitos de cultura salpementándoos con aconteceres histórico-políticos e sociais reconfigurados desde un presente con vocación

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 22

esencialista non pode dar senón os novelos teóricos dos que tanto gustan certos membros da comunidade universitaria e dos que tanto partido tiran políticos, xornalistas e os flamenquísimos integrantes das Academias da Lingua (castelá) e da Historia.

Para nós é obvio que como literaturas completas, plenas en xéneros e duradeiras no tempo (segundo o canon e cronoloxía occidental predominante e inventados polas elites que conforman as mesmas autoproclamadas grandes culturas), apenas podemos falar da francesa ou da anglosaxona. O resto carece das fases, épocas ou xéneros canonicamente validados (polos mesmos validadores). Ou iso, ou simplemente responden a camiños culturais e históricos diverxentes que deben ser estudados conforme as xéneses e particularidades de cada unha. Dalgún xeito as literaturas, especialmente as complexas coma a nosa, precisan dunha serie de abordaxes, non tanto pretendidamente obxectivas como liberadoras, estruturadas na realidade social e política en que decorren, tal como propón por exemplo Robert Escarpit no prólogo á súa breve *Historia de la literatura francesa* (1956) ou como sinala acertadamente Edward W. Said en calquera das súas fundamentais achegas ao proceso creador.

Tamén é obvio para nós que unha literatura pode tanto xurdir ao impulso dun estado nacente como esmorecer, desaparecer, arrastrada no devalo político; porén tamén pode levantarse, resucitarse, parchearse ao son de impulsos políticos nacionais; o mesmo que sosterse, subvencionarse, censurarse… Pois alén de estéticas, valores literarios e xenialidades artísticas, serán (só desde o XVIII) os seus cidadáns os que, apoio estatal e mediático por medio, rematen por validala, completala, respectala, facela súa ou deixala desaparecer.

Hai xa tempo que deixamos de concibir o feito literario como manifestación estética illada dun determinado individuo cara a un grupo ou outros individuos. Talvez iso valese para épocas clásicas ou remotas da humanidade, cando o corpo receptor non se chamaba público (vid. Rama, 1968) e os autores traballaban á sombra de patróns, mecenas ou abadías. No feito literario, tal e como nós o entendemos (e como se foi configurando desde fins do XVIII ata hoxe), debemos considerar contextos, sistemas socioculturais, socioeconómicos e sociopolíticos alén da mera estética. E para isto precisamos acometer unha inmensa tarefa de pescuda de elementos ata hoxe considerados periféricos ao feito literario, mais que se nos van revelando como fundamentais. A historia do libro, as biografías en contexto, as correspondencias, as políticas de edición, as dinámicas dos grupos de intelectuais, as redes polas que circulan os discursos e escritos, as plataformas polas que eses discursos chegan ao público xeral son elementos fundamentais previos á abordaxe de toda historia literaria.

No caso que nos ocupa é ben certo que moito hai que agradecer á vontade dun home humilde que puxo o esforzo para que os máis importantes textos do primeiro terzo do XX (os alicerces sen os que non sería posible a nosa literatura actual) saíran de manuscritos dispersos, columnas de xornais e tertulias de cafés para pasar a conformar unha proposta de sistema. Nesa loita (que aínda está moi por estudar) pola estruturación e constitución dun sistema literario propio (que comeza nos primeiros anos do XIX e que aínda non rematou) é onde Ánxel Casal protagonizou un dos máis brillantes e fundamentais capítulos, capítulos merecentes aínda de profunda reflexión e longo estudo.

Como xa observou Menéndez y Pelayo, a historia literaria (outros historiadores e discretos sostemos que a propia noción administrativa e política de España) comeza o seu ciclo real en 1833. Só a partir desa data podemos falar tamén do inicio dunha indus-

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 23

tria verdadeira para o libro en España. Ata a década dos 40, podemos asegurar, con todos os viaxeiros e curiosos que se paseaban pola España posfernandina, que a industria do libro no conxunto da Península Ibérica apenas significaba nada no contexto europeo.

A reconstrución pola que a outrora superpotencia pasaba de concibirse con orgullo como unha monarquía católica reitora dun polimorfo imperio que abranguía 1/5 do orbe a un estado de tamaño mediano conformado por vizosos conxuntos nacionais e rexionais provocaría as distintas propostas políticas de organización do Estado, nas que haberá que situar as diferentes propostas culturais, intelectuais e, canda elas, as editoriais; pois ambos os procesos (ou factores) coinciden –non casualmente– co xurdimento dunha verdadeira vontade nacionalizadora por parte primeiro das elites, logo xa das mesocracias locais do Estado.

Así, na década dos 30 do século XIX xorden as primeiras grandes casas editoras de literatura: os Rivadeneyra, Bergnes, Cabrerizo, que terán non pouco que ver na construción e rehabilitación do modelo canónico –nacional– das letras no Estado español que se empeza a construír. Durante o axitado período das guerras carlistas incorpóranse destacados elementos que moito teñen que ver coa expansión da gran novela popular (de Vicetto a Galdós) e o rexurdimento das letras catalás: os Mellado, os Oliveres, Gaspar i Roig, os Medina, Navarro, Gorchs, Bailly-Baillière, que prepararían a chegada dos importantes activistas culturais do período prerrepublicano e republicano.

A loita política e a inclinación rexeneracionista dos homes do 68, formados entre os tipos de imprenta e a redacción dos xornais, provocará unha explosión sen precedentes dos medios impresos. Os almanaques, as compilacións, as recollas populares, as revistas ilustradas, os ensaios colectivos tenderán durante apenas 7 anos a presentar a imaxe dunha España en formación, apostando pola cidadanía, pola reivindicación da variedade rexional e polo laicismo. Todas as veces que os nosos ollos teñen visto as ilustracións de *La Flaca*, as columnas da *Ilustración Republicana Federal*, as reportaxes rexionais de *La Iberia*, as propostas sociais dun Pi i Margall, dun Moreno Barcia ou do noso Pérez Costales na *Enciclopedia Republicana Federal Social* (1871), sorpréndenos a descuberta dunha modernidade que pensabamos só propia da II República e os seus prolegómenos.

Coa Restauración, mentres esmorecen en pequenos grupos locais os protagonistas do período devandito, impotentes ante a exclusión política e a censura, aparecen os principais nomes da impresión e edición literaria española ata 1920: Montaner & Simon, Espasa, Salvat, Calpe. Figuras que cos grandes grupos da prensa diaria -prensa agora responsable e soporte do modelo canovista- tomarán a tarefa de recuperar os mercados americanos e introducir na Península as voces e novos modos poéticos do alenmar.

Os efectos da Restauración de 1875 terán unha importante repercusión tanto na imaxe e cultura mononacional que se impulsa desde o estado, como a nivel cultural, intelectual e, como sabemos, académico. Por unha banda os restos do liberalismo progresista, do rexionalismo e do republicanismo canalizarán os seus efectivos e esforzos na formación e constitución de sociedades, tertulias, ateneos, sociedades culturais, revistas; espazos onde se manterá latente outra visión da historia, da política e da sociedade daquela España posible que non puido ser.

Non obstante, á par da liquidación dunha promoción académica enteira da Universidade española, producirase un férreo control do espazo xornalístico, único negocio viable en imprenta. A aplicación sistemática e arbitraria por parte dos gobernos

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 24

civís de multas e retirada de exemplares terá un efecto demoledor sobre as plataformas literarias -e os posibles negocios editoriais- emerxentes, que así ficarán reducidos aos grandes grupos xornalísticos, sospeitosamente coincidentes en ideoloxía e accionariado coas oligarquías caciquís que sustentan contra a vontade popular a Restauración ata a crise de 1917-1923. O exemplo do eixe *La Voz de Galicia*-Concello da Coruña-Cámara de Comercio-Goberno Civil é proverbial.

Esta redución do espazo, nun tempo en que a técnica e os investimentos aínda non eran definitivos para o éxito dun pequeno xornal local, será a culpable da consecución de cabeceiras -pechadas por orde gobernativa e afogo económico- e responsable en boa medida do preterimento mediático de importantes propostas culturais, nas que se agrupan figuras da categoría dun Murguía, dunha Rosalía, dun Curros e a consolidación doutras voces contrarias como a de Pardo Bazán. O impacto sobre a produción editorial española é demoledor, as tiraxes serán sempre reducidas e destinadas a un público que non crece apenas durante varias décadas. Súmese isto aos niveis de alfabetización, á escaseza de bibliotecas e librarías e obteremos unha imaxe fantasmagórica, mais moi realista da cultura do libro.

Porén, a partir de 1898 ensáianse novas propostas decididamente comerciais «non marcadas» politicamente, seguindo o exemplo de Saturnino Calleja coa súa afortunada proposta de libro popular e escolar barato. Na España das dúas primeiras décadas do XX consolídase unha nova orientación editorial: as «Bibliotecas». As Bibliotecas serían coleccións temáticas, xenéricas ou autoriais –normalmente con ampla comercialización, atendendo ás demandas do público e moi atentas ás subscricións, que aseguraban unha periodicidade do produto. Proposta que coincide cento por cento co proxecto orixinal de Latorre & Salazar: Biblioteca Gallega.

En 1907 considéranse en publicación en toda España 49 bibliotecas e 6 coleccións literarias, as máis delas desde Barcelona. Nestas datas prodúcese unha pequena revolución editorial. A aparición de «El Cuento Semanal», invención de Zamacois, aseguraría, profusamente imitado, a aparición de cadernos baratos, de periodicidade semanal, nos que se divulgaría a grande e a pequena literatura da época, primeiro teatro e narrativa e despois mesmo poesía.

O éxito desta iniciativa e da repetición do modelo durante toda a década modificará a tradicional dinámica de venda e da tipoloxía do propio libro. Definitivamente superará -tardiamente no conxunto europeo- o modo antigo de entender o libro. A partir do momento en que xorde a produción e o consumo masivo e a conseguinte nivelación dos estilos de vida que contrapuñan as clases, o termo «cultura» adquire un significado diferente. Contra os anos da Gran Guerra, e especialmente tras o abalo social que produce, do mesmo xeito que sociedade deixa de ser o grupo limitado de persoas «de ben» e pasa a abranguer todos os individuos, cultura perde en boa medida aquilo que tiña de refinamento moral e intelectual, para incorporar os trazos e gustos de grupos sociais amplos.

A industrialización na produción cultural (papel industrial, impresión mecanizada) modifica completamente o papel pasivo do mundo editorial. A comercialización de tiradas de grandes volumes esixe a existencia dun público amplo. Público só posible nas circunstancias favorables dunha sociedade moderna e con valores civís. Esixe tamén por parte do editor un labor de propaganda, de articulación, de redes de distribución axeitadas e locais modernos. A produción masiva de libros a partir de mediados do XIX

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 25

permitirá a construción (USA, Alemaña, Chequia, Galiza) ou a reconstrución (Francia, Italia, Cataluña) de literaturas nacionais. A existencia de sistemas editoriais (autores, editores, público, críticos, propaganda, mercado, circulación…) determinará a existencia de sistemas literarios.

Na España que se achega ao XX, a falla dunha mudanza política que acompañase as mudanzas sociais produciu unha situación conflitiva, que incidirá enormemente no desenvolvemento da produción cultural. Mentres a sociedade permanece ancorada en modelos de representación e goberno propios do pasado, a produción cultural aproxímase, con lentitude, a modelos de sociedade moderna con demanda crecente de lectura.

Aínda en 1916 non se rompera en Galiza a dinámica cara ás minorías. O libro galego como produto non era concibido senón como luxo destinado a unha elite concreta. Esta difusión, por medio de intercambio, servía para fornecer o diálogo entre unha reducida minoría, amante da cultura rexional. Non obstante, non servía para os fins que certos autores como Carré Aldao e Tettamancy (como máis tarde Villar Ponte) solicitaban desde 1907: divulgación de ideas e rendibilidade (menos prezo, diversificación xenérica, aposta polo popular de calidade, maior capacidade de produción) como produto comercial.

Canto á realidade industrial: ata 1916 non podemos falar senón de dúas casas editoras en Galiza, a Biblioteca Gallega de Martínez Salazar e a Librería Regional de Carré Aldao. O resto son edicións oficiais, libros de amigos, de redactores de xornal ou obras de autores pagas por eles e tiradas nas pequenas imprentas de Pontevedra, Lugo ou Ourense, máis baratas que as coruñesas. A baratura é motivada por varias razóns: a escasa competencia de carácter industrial, a falla de necesidade dunha produción periódica e o abaratamento dunha man de obra non agremiada ou de carácter familiar. Reveladores dunha deficiente política editorial e importantes carencias industriais na Coruña, a máis desenvolvida de Galiza na altura.

A consecuencia da caída do mercado editorial español e a crise económica da pequena empresa, Carré abandonará a produción editorial en 1908. O feito de Carré ser incapaz para competir como editor sinala unha quebra real nos proxectos de reconstrución lingüística e política que a súa xeración viña marcando. A quebra de Carré supón a perda das posibilidades materiais de expresión no comezo do período dos medios de masas. Supón unha volta á dependencia doutros medios e sinala de novo as imposibilidades de funcionar sen o apoio do gran capital. O baleiro que deixa Carré suporá o inicio dun ermo nun momento de renovación literaria e industrial fundamental. Nese crítico momento de consolidación do sistema e de salto da cultura ás masas, os homes da Cova Céltica ultrapasaran a súa función reconstrutora e comezaban a ser interpretados como modelos desfasados. Os Novos, imbuídos da estética modernista, distánciase e procuran, tanto o público como os medios (que os primeiros non ofrecen), fóra do núcleo político-literario coruñés, o único a estas alturas capaz dun proxecto institucionalista.

Desde 1876 ata 1936 apareceron na Galiza 16 publicacións periódicas totalmente escritas en galego e un número indeterminado de plataformas para o galego. O compromiso e a importancia do feito cultural impreso manifestan a vontade de crear un espazo comunicativo nunha lingua non oficial, maioritaria entre a poboación. Porén, na Galiza de comezos do XX, o atraso na industria cultural traerá consecuencias preocupantes para o libro galego e o proxecto político cultural que representa. Se desde unha análise estatal

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 26

a situación é semellante á doutras provincias e mesmo superior no caso da cidade herculina, desde a perspectiva dun proxecto de construción nacional os datos ofrecen unha lectura diferente. Hai que entender que, dada a dinámica social e cultural, unha produción artesanal do libro era abondo no XIX para manter na elite a dialéctica nacional. Coa mudanza cara a unha sociedade de masas, a necesidade dunha competición industrial deixa tolleita a capacidade de resposta do proxecto cultural nacional galego, desbordado por unha imposible competición na nacionalización das clases populares.

En Galiza non se precisaba de grandes empresas. Para soportar a demanda son abondo os conxuntos artesanais nas vilas e algún obradoiro medio ou grande na Coruña ou Pontevedra. Ao non existir demanda, nin obrigas de periodicidade, nin sistematización dun libro galego, a produción continua só se efectúa nas imprentas dos xornais. Dado que na Galiza os semanarios son artesanais e acadan unha difusión moi escasa (que suplen cunha longa «vida»), a gran produción de diarios é a única que precisa dun soporte mecánico axeitado aos tempos. Dado que as grandes empresas comerciais e industriais sincronizadas co sistema político social e económico das «familias» son as que manteñen os medios de comunicación ata ben entrado o XX, os xornais, como reprodutores do propio sistema, contribúen ao seu mantemento.

A comezos do século o libro español comeza un interesante período. Podemos considerar que desde 1900 hai anuncios do espertar dunha posible gran potencia cultural. Organízanse por todo o estado sociedades editoras e os autores comezan a loitar polos seus dereitos. É o momento da edición de autor ou das sociedades de edición formadas por non profesionais que pretenden situarse ante as expectativas comerciais. Son os anos das goradas tentativas de Galdós e de Valle-Inclán. Uns anos non só de seca para un libro galego no que o capital local non só non colabora senón que torpedea. Son os anos da tentativa de consolidar como galega a literatura rexional en castelán. Un momento difícil -e pouco estudado- que durará ata 1916 e que puido ter modificado irreversiblemente o que entendemos por Literatura galega (a imaxe da nosa sobrevivencia como nación).

A mudanza histórica que se producirá coa aparición das Irmandades da Fala e a súa concepción social da problemática lingüístico-política do país iniciará unha escalada de fases na reivindicación da cultura propia que fornecerán pola súa vez os espazos, plataformas e medios nos que se nuclearán a serie de militantes e intelectuais que deseñarán, por primeira vez como conxunto, as bases políticas, ideolóxicas e culturais da idea nacional de Galiza. Á vez que se nuclean os protagonistas do segundo rexurdimento van abrollando as iniciativas literarias e culturais. Primeiro como conxuntos: *A Nosa Terra* (1917), *Terra a Nosa* (1918), *Biblioteca Galeguista* (1919), *Boletín Nós* (1920). Despois como efectos da división interna do movemento: *Libredón* (1922), *Céltiga* (1923), *Lar* (1924). E finalmente como produto da obrigada reintegración: Editorial Nós (1927), *Boletín Nós* (2ª época, 1928).

As manifestacións literarias en galego, o libro galego e a súa cultura: o que entendemos por sistema literario (ese aínda non completo hoxe en día) acada o seu status de existencia ao longo dos anos vinte. A loita pola consecución dos espazos, pola sobrevivencia das plataformas e pola consolidación dos xéneros será lenta, cuns comezos desacougantes e precarios, coa cultura oficial, o capital cultural e o poder político en contra.

Sen o didactismo e a vontade popular, sen o monumental traballo dun home de orixes humildes que soubo rodearse duns colaboradores intelectuais e artísticos excepcio-

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 27

nais, é difícil que un proxecto tan simple e á vez tan ambicioso chegara a converterse no máis importante conxunto da literatura galega.

Conxunto que -convén empezar a destacalo- está moito menos estudado e moito menos continuado e comprendido polos membros das xeracións literarias que a seguiron do que poida parecer a simple vista. Non pouca culpa da lousa de silencio que envolveu a Casal e ao significado da súa editora provén dos postulados e políticas editoras que desde Galaxia formaron a toda a intelectualidade galega en activo desde os anos 50 ata hoxe. Se nalgures se conservou o espírito popular e cosmopolita de Nós non foi precisamente entre aqueles que se autoproclamaron os seus herdeiros naturais e como tales gozan duns dereitos de propiedade intelectual sobre obras e pensamentos que merecerían outros destinos máis liberadores.

No contexto de revolución cultural e tipográfica que serán os anos vinte e trinta en España, hai que situar editoriais coma Nós. Nun mundo que estaba a mudar nas portas da República, o libro español de preguerra ía saíndo da precariedade máis absoluta á procura dun rexurdir cultural. Bibliotecas e librarías están a experimentar novas estratexias, que serán recollidas pola máis importante política cultural que nunca (mesmo en totais) se deseñou en España. Valle Inclán, Azorín, Zamacois, J.R.J., D'Ors e Ortega indicaran a modernidade, importancia e funcións sociais das bibliotecas, os teatros, as escolas, os museos e as editoriais. A réplica galeguista darana Porteiro, J. V. Viqueira e especialmente Villar Ponte, máis tarde Álvaro de las Casas e Juan Jesús González.

Tras o éxito das casas editoras de avanzada (Cenit, Oriente, Ulises, España), nadas coma Nós do efecto da frustración xornalística e a politización provocada pola ditadura de Primo de Rivera, a Compañía Iberoamericana de Publicaciones (CIAP) protagonizaría a maior tentativa de negocio editor en España. Apenas tres anos de editorial (1928-1931), con centenares de libros excelentes (que aínda atopamos con frecuencia nas librarías de vello) a prezos populares serviran para consolidar unha produción e unha demanda de características nunca vistas en España.

Evidentemente a creba da CIAP fixo resentir a distribución comercial do libro, especialmente en «provincias». Mais non por isto decaeu completamente a produción editorial. En 1933 acadaría a súa cota máxima o índice de produción de libros. Entre 1928 e 1934, a pesar da subida da man de obra e do material das artes gráficas, o prezo do libro como produto rexistrara unha substancial baixada. A proliferación de editoriais e a aparición de edicións populares permitían adquirir textos de calidade a un custo de 1 a 1,25 pesetas sobre as 5 de 1928.

«Nós» será unha aventura literaria de edición desde a que se porá en marcha unha verdadeira literatura nacional a prezos relativamente populares. Libriños novos, humildes e limpos no seu formato de definida estética nacional, onde poucos autores consagrados no parnaso da literatura oficial figurarán xunto aos novos valores que a comezos do XX encarreiraron, nun esforzo cultural sen precedentes, as esperanzas dunha nova literatura. No *Libro dos amigos* dá así testemuño Otero Pedrayo:

> *Seus libros, de eles parteiro, collíaos con amor e infindo respeito. Os autores novos decatábanse de ficar en acordo inmorrente ca dinidade e a beleza da profesión literaria.*
>
> *Enxamais saíu da imprenta de Casal unha páxina baixa, ruín ou intresada. Teño a honra de haber feito traballar aquila imprenta sempre alumeado por unha roseira branca e pura. Non a houber trocado por ningunha ilustre oficina de libro inda que a Plantino ou*

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 28

> *Aldo poidera remontar e nos tipos de frol de metal sensitivo, no balbordo de fornada da noite fora a groria e o intrés das grandes cosmópolis de mañáns abraiadas ou acesas por a fame dos libros novos.*
>
> *Son paxaros voando sobre o mar. Alguns tripulan as leixadas dornas. Os imprentados por Casal son dornas, velas ou zocas. Soio o vento e o camiño de Galicia neles, e aquil doroso e mañifico arelar.*

Pois Nós cumprirá na Galiza unha dobre función. Por unha banda será a impulsora da popularización da cultura, tal e como a entenderon os ilusionados intelectuais españois dos anos da preguerra. Comungando en ética e estética co que sinala Enric Satué no seu ensaio *Los años del diseño: la década republicana (1931-1939)*:

> *Quizás sea la española la única vanguardia artística en el mundo que enseguida fue del dominio público. Dejando al margen la soviética, implantada como terapia regeneradora tras una sangrienta revolución, el resto de las vanguardias artísticas europeas tuvo ecos populares minoritarios y elitistas, como corresponde a los movimientos iniciáticos: apenas un eco de periódico para el futurismo, un eco de café para el dadaísmo, un eco de revista para De Stijl o un eco pedagógico para la Bahaus. Así que, si las vanguardias son ante todo rupturas, las más accesibles a las masas son aquellas que acompañan a las rupturas sociales, es decir, las que caminan sencillamente con su tiempo.*

Non por casualidade van coincidir na imprenta de Casal todas as novas linguaxes da época: os pasquíns de revolucionarios, estudantes, antifeixistas; as revistas políticas de esquerda, onde as diagramacións experimentais dos Seoane e Maside arroupan as mensaxes de futuro. Por algo Nós será, entre as editoras da España da época, unha excepción na edición continuada de libros de poemas e pezas de teatro. Naqueles en que se estaba a fraguar a moderna literatura galega.

Por outra banda será a impulsora dun libro nacional galego; feito que o catálogo evidencia nunha simple ollada, mais que se consolida a través dunhas propostas estéticas que pretenden dar a réplica galega ás grandes coleccións españolas. Nunha primeira etapa Castelao e os Díaz Baliño reproducen as composicións estéticas á moda desde os anos dez das capas ilustradas de Mauci, Pueyo, Renacimiento ou La Novela Mundial, estilo que se prolongará nos vinte e trinta en coleccións de narrativa da C.I.A.P. e en Marineda -aquelas capas deliciosas, tan século XX de Ribas, con suxestivas mulleres *belle époque* de Penagos, os xogos gráficos de Bartolozzi ou as composicións dos Merlo, Azpiri, Ochoa, Augusto, Mario…

Os libros galegos de fins dos anos vinte e primeiros trinta correrán parellos replicando o mellor e máis suxestivo da impresión española. Os libros de poemas de Montes, Blanco Torres ou Carballo Calero beberán dos modelos juanramonianos, como beberan do d'annunziano Valle-Inclán os libros de poemas de Cabanillas (especialmente *A rosa de cen follas,* calcado da *Opera Omnia*) e os libros da primeira época do SEG (*Hostia, Os nenos*). Na primeira impresión de *O Mariscal* por Lar e os primeiros libros teatrais en Nós descubriranos Cebreiro un primitivismo medievalizante de escola anglosaxona. Primitivismo que retomará brillantemente estilizado Seoane ao longo de toda a súa carreira. A escolma de J. V. Viqueira, maquetación e foto do autor compite en estética e sentido coas *Poesías completas* de Machado (1917) ou as obras de Unamuno publicadas pola Residencia de Estudiantes.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 29

É un feito xa estudado por María Victoria Carballo (*La ilustración en la Revista Nós*, 1983) que á vez que o *Boletín Nós* progresa vai dotando o libro galego (a tipografía de Casal de clixés, linóleos e gravados en madeira) dunha estética moi europea. Nel ensaiaranse por vez primeira os *linóleos* da man de Xaime Prada e Castelao, nun estilo que lembra moito o de Douglas P. Bliss, como Maside os Underwood, Maserel ou Dissertori; Colmeiro a Paul Nash e logo a Munch ou Seoane á norteamericana Margaret Scholemann e o xermano Grosz. O coñecemento do gravado e da caricatura europea -na altura fortemente impresionado pola arte xaponesa e a arte de Durero- que se revela en Nós é merecente dunha abordaxe fonda e completa. Estudo que achegue a aparición de manifestacións semellantes non como imitación a través da arte feita en España senón como o froito da aplicación das mesmas técnicas e da identidade da percepción social da arte que sacode o mundo occidental tras a Gran Guerra.

A mesma vontade superadora ou plamasdora do postulado risquiano «a soberanía estética da nazón galega» que revelan certos textos (especialmente os emblemáticos *Arredor de si* ou *Devalar*) acontecerá coas capas. Os primeiros anos do século XX verán unha transformación das clásicas e serias portadas do XIX (v. gr. os libros da Biblioteca Gallega e os impresos polos Carré ata Lar). Os libros de Lar e Nós da primeira época recollerán coa súa fasquía tradicional a primeira invasión de cor e acción episódica que protagonizan as capas dos libros como reclamo publicitario desde os escaparates. As capas ilustradas, anuncio dos novos tempos, chegaban con atraso ao mercado español e serán rapidamente ultrapasadas polo desembarco en España de profesionais formados no mundo da impresión moderna; primeiro a través de Cataluña e logo polo establecemento en Madrid de Mauricio Amster e Mariano Rawicz. As vangardas soviética, francesa e alemá aparecerán nas capas dos libros acompañando os textos de avanzada que desde 1928 acadarán grandes éxitos en España.

Nos anos trinta, a colección de narrativa Nós dará a réplica coas súas capas sobrias e enmarcadas en cores aos libros da CIAP e imitará un tanto ás amadas por Otero Pedrayo da NRF de Gallimard. A colección de ensaio e especialmente os libros co selo do SEG competirán coas monografías da pancastelanista *Revista de Occidente* ou coas belísimas publicacións da Residencia de Estudiantes. Revistas, libros de poemas, prensa, pasquíns, ensaio, unha carreira contra o reloxo e contra o sistema por dotar a nosa literatura de estrutura. Unha competición imposible para un só selo editorial. Mais non se entenderán estes sacrificios sen unha vontade misionaria. Sen unha tentativa de dotar a produción cultural dunha idea de conxunto. En palabras do propio Casal:

> *Aledoume que vos gustaran "Os Oestrinnios", mais protesto de que atoparas a edición moi europea. Abonda con que sexa moi galega, que decindo galega díse europea, inda que se non diga española. Cando Castelao me felicitaba pol-o ben que saíron as "Cousas" decíame: moi ben rapaz, moi ben, xa somos xente. E somos xente por galegos, xa que Galicia é a que nós obriga a facel-as cousas o mellor que podemos e, si cadra, calquer día amostramos ô mundo que Galicia pasou de aprendiz a mestra ¿non si?* (Carta de Ánxel Casal a Ramón Martínez López, A Coruña, 10-6-29).

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 30

Os libros impresos por Casal recollen as mellores plumas galegas do seu tempo. A colaboración desinteresada e xenial de dúas xeracións de artistas gráficos embarcados na renovación da arte galega permitiu ir configurando toda unha nova linguaxe formal axeitada tanto aos contidos particulares dos textos como á idea xeral co conxunto. A adecuación de formas á nova linguaxe estética do seu tempo e dunha nación en proceso de conformación será unha lección moi ben aprendida por quen logo sería un dos seus máximos referentes teóricos: Luís Seoane, continuador e validador do ronsel de Maside. Os experimentos narrativos de RESOL ou as pirotecnias cunqueirianas terán nos anos trinta nese mozo estudante de Dereito sedento das estéticas alemás, rusas e españolas de vangarda o seu gran valedor. Por vía do seu admirado Skira, aparecerán en *Claridad, Ser* e nos libros de poemas vangardistas as experiencias como gravadores de Picasso e Henri Matisse. Escribirá en 1957 Luís Seoane no prólogo «Breve crónica en relación conmigo y las artes gráficas» ao seu *Segundo libro de tapas*:

> *En aquella imprenta compostelana "Nós", a que me referí en mi primer "Libro de Tapas", donde pasaba parte de mi tiempo alternando las tertulias de café y las reuniones clandestinas de estudiantes y obreros mis descansos de estudiante de Derecho, hice, para semanarios revolucionarios y autonomistas, como "Claridad", "Ser", la revista "Universitarios", mis primeros intentos de composición tipográfica. El grabado en linóleum, impreso en negro sobre papel de color, atravesaba alguna que otra vez, como la franja de una bandera, la primera página de "Claridad". Mis recursos tipográficos, limitados a la modestia de la imprenta, los utilizaba mezclando en la composición los tipos más antiguos con filetes y orlas, algunos de los cuales perduraban en otras imprentas de aquella ciudad desde los siglos XVII y XVIII, mezclados en las cajas con los de estilo modernista, adquiridos por sus propietarios a principios del siglo. Adornos y viñetas neoclásicas y románticas servían también para otras experiencias. Gozábamos de esos efectos visuales tanto como los surrealistas franceses buscando parecidos fines tipográficos, aunque guiados de un afán distinto en el ensayo, pues, por nuestra parte, no iba unido a la imposición de programa estético alguno. Nuestros carteles, los que hacíamos para pegar en las paredes burlando la vigilancia policial, o como anuncio de algunas conferencias universitarias, estaban realizados por el procedimiento del estarcido, o también grabados al linóleum, a veces del modo tosco y rudo que muchos años después gustaría a los partidarios de Jean Dubuffet y de su "arte bruto". ¿Es posible que en las bibliotecas expurgadas de Galicia se conserve algo de esta obra ingenua, sincera y limpia, que se hacía entonces en una y otra ciudad de ese país?*

Pois o período de entreguerras foi un tempo fundamental para o libro e para a edición. Un espazo que marcou liñas e condutas comerciais que foron válidas ata o máis próximo presente. Foi o tempo en que se estudou a edición do pasado, cando se dotou o comercio de libraría da auréola de romanticismo e garda das liberdades que lle permitiu pasar a proba dos inmediatos anos de escuridade totalitaria, cando se estableceron as regras de ouro das tiraxes, se fixaron os pactos e fidelidades entre autores, libreiros e editores; cando se fixaron as cantidades de beneficio por libro, se estableceron os complexos equilibrios entre stocks e produción; cando se definiu a irmandade entre editores e libreiros independentes; cando naceron os grandes concursos e as publicidades do libro. O tempo onde o libro conquista os escaparates, onde o libro pasa de ser unica-

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 31

mente texto para elites a soporte comunicativo de masas, coas súas capas coloridas, sorprendentes coma manifestos, repletas de intencións e referentes, prezos baratos e estratexias de venda. O das librarías abertas ao público e repletas de andeis agardando pola visita dun público masivo.

Neste contexto, e precisamente por ter tentado coma ninguén aproximarse ao seu tempo, a transcendencia do traballo de Casal é tal que impresiona. Pois a este home xeneroso e humilde correspóndelle todo o mérito de ter feito nacer unha Literatura, concibida sen complexos como nacional e popular. Esforzo -económico e humano- ao que non ousaron os capitais galegos, sempre defensores e impulsores -de palabra xa que non de cartos- dunha cultura españoleira. E a vontade de Casal de presentar unha literatura nacional e popular mantendo o respecto por todos os autores e tendencias dentro do ámbito do galeguismo foi un dos máis destacados elementos de unión dentro dunha causa en que existían grupos opostos e tensións continuadas. Como sinala o mesmo editor na presentación de *De min pra vós. Contos do pobo*, de Ricardo Carballal (1928), unha das primeiras obras do selo Nós en 1928:

> *Compre tamén adiantarse ao xuicio que poidera vir, dos escolleitos ou dos mozos; decindo que NÓS ten á gala, e constituie ésto o seu maior galardón, pubricar todas aquelas obras, que estando escritas na nosa fala contribuian de calquer xeito ao seu mais grande uso sin perder o tempo en disquisicións literarias inúteis. NÓS pensa e así o praitica, que hoxe en galego hai que escribir de todo e para todos. O mesmo para os iniciados que para o vulgo. Así o di craramente toda a obra literaria por ela realizada, somentes c'o desexo de contribuir con todo o seu esforzo â creación d'unha gran cultura galega.*

E o impulso de Casal foi fundamental pois como recordaba Antón Mateo Pena, o seu discípulo na edición, nunha entrevista en 1997:

> *É que non se ten valorado o esforzo empresarial de Casal. Todo o mundo ten falado moito do cultural e das obras. Pero, o esforzo do día a día de Casal por manter unha empresa desas características e ¡vivir dela! nunca se ten recoñecido como debera. Porque moi ben que todo o mundo queira ver o ar romántico, pero as cousas non son así. Nun tempo como aquel, con aquel material e aqueles medios, el foi quen realmente conseguiu elevar o libro en galego a un posto normal. Ese, que non é pouco, é o seu mérito. Poñer o esforzo para que a producción e o comercio do libro galego deixase de ser algo propio de catacumbas.*
>
> *E logo, eu pódoche asegurar que todo o esforzo era del. A administración, a organización do negocio, a distribución, a corrección das probas e a busca de novos materiais. Por riba, cos conflictos políticos e persoais dos galeguistas e dos do Seminario. E, el sempre no medio, arriscando a súa empresa, e tentando contentar a todos. E só hai que ver as obras que saíron de Nós.*

O 17 de decembro de 1936 Ánxel Casal, unha das figuras máis importantes da historia cultural de Galiza, tería cumprido 41 anos de vida. Por esas mesmas datas levaría vinte de militancia pública no galeguismo político, documentados desde a súa aparición como colaborador do número 1º de *A Nosa Terra* (segunda época). Nese mesmo agosto de tan moura memoria Nós levaría 9 anos construíndo libro a libriño a Literatura galega moderna. Para setembro proxectábase unha grande exposición do libro galego,

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 32

homenaxe bastante debida a Casal e que tería sido impulso fundamental para unha cultura en lingua galega, que nesas datas xa sería cooficial.

Daquela que non foi, tería que estar preparándose a campaña para elixir o primeiro Parlamento da Galiza autonómica, o que tería que ter artellado a plasmación educativa dos contidos lingüísticos estipulados no Estatuto de autonomía plebiscitado o 28 de xuño. Tristemente, a Guerra Civil e o franquismo feriron a cultura galega -a cultura total do Estado español- ata límites aínda non cuantificados.

Porén, o peor non foi só a perda senón a volta ás catacumbas. A modernidade gorada. Ata tal punto que a resurreción da posguerra non só será parcial senón que, nada baixo distintos designios, non chegará a apostar nunca pola edición profesional senón por unha moi ideoloxizada preeminencia de textos, autores e consignas, mergullados nun requintado elitismo e outravolta lonxe do público popular. E así, obra de Galaxia, o libro galego, á par do galeguismo político, ancorou en dinámicas e prácticas moi difíciles de desarraigar. Situación que, bo é dicilo, lastrou este presente en que os representantes do poder político galego e os responsables de defender a cultura e patrimonio dos galegos atoparon terral fértil para tentar pór fin -e con diñeiros públicos- ao que non se atreveron en varias xeracións: o definitivo liquidamento da nosa cultura e identidade nacional.

Afortunadamente, cando se ten a sorte de contemplar varios dos libros impresos por Casal (velaí a importancia deste catálogo), un non pode deixar de experimentar certa emoción de esperanza e o desexo de acariñar algúns deses volumes, de se mergullar nesas páxinas limpas e soñar; pois os libros de Nós comunican a vontade de transcendencia que lles outorgou o traballo de Casal. Son libros que, como ben dixo Otero, procurados polos bibliófilos, prefiren a mesiña do estudante e a caricia do vento; pois son páxinas que foron impresas nunca pensando nun beneficio no seu presente senón dirixidas ás xeracións futuras. E, así, demandan a linguaxe dos novos para expresárense; a linguaxe deses mociños en que reside o futuro e a esperanza da Galiza soñada por Casal.

Bibliografía

ACUÑA, Henrique (coord.). *Os artistas de Ánxel Casal. Arte e edición nunha Galiza entusiasmada*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago, 2005.

BLISS, Douglas Percy. *A history of wood-engraving*. London: Spring Books, 1964.

CAPELÁN REY, Antón. *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta*. Santiago de Compostela: Laiovento, 1994.

CARBALLO-CALERO RAMOS, M.ª Victoria. *La ilustración en la revista Nós*. Ourense: Deputación Provincial, 1983.

CASAS, Álvaro de las. «La Editorial Nós». *El Pueblo Gallego*, 21-9-34. Cito por CAPELÁN REY, ANTÓN: *Contra a Casa da Troia*. Santiago: Laiovento, 1994, pp. 276-280.

DÍAZ FERNÁNDEZ, Xerardo. *Os que non morreron*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1982.

DOBARRO PAZ, Xosé M.ª e Ernesto VÁZQUEZ SOUZA. *Ánxel Casal (1895-1936): Textos e documentos.* Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2003.

ESCARPIT, Robert. *Historia de la literatura francesa*. México: Fondo de Cultura Económica, 1965 (4ª ed.).

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 33

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco. *Ánxel Casal e o libro galego*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1983.

LAMELA GARCÍA, Luis. *1936, la «cruzada» en Compostela: la guerra civil y la represión franquista en los documentos…* Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2005.

LIBROS *de una edad de plata (1900-1936): Fondo bibliográfico Javier Carbonero Domingo*. Valladolid: Junta de Castilla y León, 2002.

OTERO PEDRAYO, Ramón. *O libro dos amigos*. Bos Aires: Ediciones Galicia, 1953.

PÉREZ, Carlos. «Mauricio Amster Tipógrafo». En: *Mauricio Amster Tipógrafo*. Valencia: IVAM, 1997.

RAMA, Ángel. *Los poetas modernistas en el mercado económico*. Montevideo: Universidad de la República, Facultad de Humanidades y Ciencias, 1968.

SAID, Edward W. «Historia, Literatura, Geografía». En: *Reflexiones sobre el Exilio*, Barcelona: Debate, 2005, pp. 413-436.

SALAMAN, Malcom C. *The woodcut of to-day at home and abroad*. London: Geoffrey Holme, 1927.

SANTONJA, Gonzalo: *La República y los libros. El nuevo libro popular de la II República*. Madrid: Anthropos, 1989.

SANTONJA, Gonzalo. *La Novela revolucionaria de quiosco (1905-1939)*. Madrid: La productora de ediciones, 1993.

SATUÉ, Enric. *Los años del diseño: la década republicana (1931-1939)*. Madrid: Turner, 2003.

SEOANE, Luís. «Dos imprentas y mis tapas». En: *Libro de tapas.* Debuxos en cores cun poema de Lorenzo Varela. Bos Aires: Ediciones Botella al Mar, 1953.

SEOANE, Luís. «Castelao, artista gráfico». *Galicia Emigrante* 17, xaneiro 1956, pp. 5-8.

SEOANE, Luís. «Un gran editor gallego». *Galicia Emigrante* 18, febreiro 1956, p. 19.

SEOANE, Luís: «Breve crónica en relación conmigo y las artes gráficas». En: *Segundo libro de tapas*. Bos Aires: Ediciones Bonino, 1957.

TETTAMANCY GASTÓN, FRANCISCO. «Balance intelectual de La Coruña». *La Voz de Galicia*, 1-1-1907.

TETTAMANCY GASTÓN, Francisco. «Una rectificación». *La Voz de Galicia*, 19-1-1907.

VÁZQUEZ SOUZA, Ernesto. *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal ou o libro galego moderno*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2003.

VV.AA. «Ánxel Casal na Memoria». *Monte Alto, 1*, A Coruña, 1995.

VV.AA. «Ánxel Casal, editor e galeguista». *A Nosa Terra* 700, 16-11-1995.

VV.AA. *Cincuentenario de Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega (1920-1970). Homenaxe da Real Academia Galega*. Vigo: Artes Gráficas Galicia, 1972.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 34

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 35

A ilustración do libro en Galicia. Ánxel Casal ao servizo do libro galego

Mercedes Bangueses

O interese que a ilustración do libro puido espertar en Galicia supón un feito clave para entender a inquedanza polo estético, non só como arte para ser admirada senón tamén como arte para ser aprehendida. Neste senso, o libro serve de marco para estudar intrinsecamente o amplo campo en que se proxectan as diversas tendencias artísticas e ao mesmo tempo, extrinsecamente, permite analizar as implicacións políticas, sociais, económicas e culturais que envolven o panorama histórico en Galicia desde finais do século XIX ata o estalido da Guerra Civil en 1936.

É de destacar o importante papel dos bibliófilos, que pronto coñecen, diferencian e aprecian a técnica e a calidade do deseño nos libros e que proporcionarán, coa súa demanda, un estímulo para o libro belo. O valor artístico e o valor económico forman por tanto as dúas caras da moeda, que na sociedade actual resultan inseparables. No caso do libro galego non se observa o desenvolvemento dunha elite que teña a capacidade de convertelo en obxecto de adquisición exclusiva, polo mero pracer de posuír un obxecto belo, non será un elemento pensado exclusivamente para bibliófilos, condición que si en cambio conseguirá en Cataluña. A pesar de todo, Rey Soto, Sampedro, Sánchez Cantón, Mon ou Fermín Penzol valoraron a calidade artística, as técnicas de gravado nas súas diversas manifestacións, a diversidade de motivos iconográficos, a variedade de deseños para frontispicios, marcos, viñetas ou letras capitais, ademais das ilustracións aplicadas nas cubertas e páxinas interiores de numerosos libros de literatura, política, arte ou temas científicos, que demostran a simbiose entre a escritura e a plástica. En resumo, a coidada reprodución dos libros que saen dos talleres galegos pon de manifesto o nivel que a ilustración aplicada ao libro foi capaz de desenvolver en condicións economicamente difíciles.

Varios factores ao longo do século XIX impulsan definitivamente a multiplicación dos libros, a súa riqueza expresiva con distintas intencións e, en definitiva, a súa eficacia. A aparición da industria crea novas esixencias ás empresas e a necesidade da rendibilidade comercial dos produtos. O descubrimento da pasta de madeira como materia prima para o papel, que supón o abaratamento dos custos e procesos de impresión mellores, como a litografía e o offset, que permiten unha calidade e expresividade maiores, converterán o libro nun vehículo de divulgación social, cultural e artística de enorme importancia. A finalidade pragmática do libro non enturba en absoluto as súas calidades artísticas. O marco onde todo este proceso de difusión ten lugar é no ámbito urbano e é na cidade onde se converterá en arte de masas.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 36

A partir de principios do século XX, co progreso cada vez máis amplo das novas técnicas na reprodución de imaxes, conséguese o obxectivo proposto por este medio de comunicación ao poder distribuírse de forma popular nun soporte efémero. A incorporación da fotografía aos talleres litográficos vai supor unha clara competencia cos métodos tradicionais, ao ofrecer a posibilidade de embelecer as distintas publicacións con fotografías a prezos máis reducidos. As imprentas, co desexo de dar a coñecer a modernización nos seus talleres, anunciaranse como Fotograbado Ferrer, Imprenta e Fotograbado Moret, Fotolitografía Roel, Litografía e Imprenta Lorman, as catro na Coruña; Talleres Gráficos e Imprenta G. Castro de Lugo; Artes Gráficas La Comarca de Ribadeo, o que as capacita para todo tipo de actividades de reprodución, tanto tipográfica como de imaxes. A estrutura industrial que engloba a impresión, distribución e venda dos libros condiciona a súa ideoloxía, modalidades narrativas, xénero, prezo e, en definitiva, a calidade global e os modos de funcionamento na sociedade. Se ben é certo que non podemos falar propiamente de mecenado, o investimento do industrial no campo da edición de libros ilustrados dotados de gran beleza favoreceu o traballo de moitos artistas gráficos.

Os gravadores van ser os máis directamente afectados. Os encargos de ilustración mediante técnicas como a xilografía, linoleografía, augaforte ou litografía diminúen. Malia isto, reconducirán o seu labor para conseguir ilustracións de gran calidade levadas a cabo por artistas como Xaime Prada, Pintos Fonseca, Maside, Castelao, Manuel Méndez ou Cándido Fernández Mazas. Estes deixaron ilustracións que demostran a súa xenialidade e preocupación por técnicas que, a pesar doutras alternativas, non consideraron superadas. Poden servir como exemplo as ilustracións de libros como: *Os nenos*, de Xosé Filgueira Valverde, ilustrado por Luís Pintos Fonseca; *Grabados en linóleum*, realizados por Xaime Prada; *Un suceso en los arrabales*, de Antonio Ramos Varela, e *Retrincos,* de Castelao, ilustrados por Carlos Maside, coa técnica do gravado xilográfico. Para a cuberta de *Un suceso en los arrabales*, o contraste de brancos e negros proporciona dramatismo á escena expresionista, que se desenvolve ante un fondo de volumes con espazos oprimidos provocados por construcións dispostas contra toda lóxica. *Retrincos* pon de manifesto a relación estreita entre os membros da Xeración Nós e a de Os Novos. A madurez adquirida por Maside, despois da súa estancia en París en 1927, maniféstase no dominio que demostra nos seus gravados. A nova formulación do espazo, a inexistencia dun único punto de vista para contemplar as escenas, a xeometrización das formas así como os volumes que consegue son proba disto.

Vínculos entre ilustración e pintura

A ilustración do libro, incluída nos medios icónicos, será o resultado dun compromiso entre a adecuación lingüística e os obxectivos sociais en xeral. Seguirán existindo diferenzas en función da diversidade de gustos pero non da desigualdade social; isto determinará tendencias múltiples que permitirán unha paralela multiplicidade de opcións. As relacións da ilustración con outros campos artísticos, especialmente coa pintura, demóstrase na coincidencia do desenvolvemento de ambas as actividades no mesmo artista. A presenza de ilustradores nos ambientes relacionados coas Exposicións da Arte Galega celebradas na Coruña en 1917 e 1923, Santiago en 1923 e 1926, Vigo en

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 37

1924, Madrid en 1928, Bos Aires en 1919 e 1929 ou Montevideo en 1929 e o éxito do intento de definir unha plástica peculiarmente galega coinciden na pintura e na ilustración en canto á demanda do vernáculo. A análise de todos os condicionantes e as súas imbricacións, tanto dos relacionados coas influencias que chegan do contexto nacional, como dos que se sitúan no contexto galego, botan luz sobre este episodio da ilustración do libro en Galicia, explican e ás veces xustifican as posicións no ambiente da época.

A partir do romanticismo e en paralelo ás ideas liberais, propágase o individualismo e o gusto pola autenticidade do que se considera xenuíno; de tal maneira que se revalorizan as formas anónimas e colectivas da arte de épocas pasadas, onde a Idade Media será un referente e en concreto o románico por ser considerado peza fundamental do pasado glorioso de Galicia. É este un período complexo e interesante no que se manteñen posicións ligadas á historia e á tradición. O ruralismo será a pedra angular de identidade, interpretado tanto desde a marxinalidade, que como resultado xustificará a necesidade de ruptura do vínculo coa política centralizada á que se fai responsable da situación de pobreza social, económica, cultural, como desde a visión do campesiño, considerado como último reduto do orixinal e non contaminado, que en definitiva reúne o que se defende como esencia do galego. Todo isto transcende as diversas manifestacións que xorden na plástica; eclecticismo, rexionalismo e modernismo conviven e solápanse baixo a liberdade das primeiras décadas do século XX, coa vangarda europea que se está a manifestar no cubismo, expresionismo, dadaísmo, surrealismo e que no caso da ilustración só puntualmente logra propostas de ruptura, mentres a tendencia xeral é a presenza de fórmulas vinculadas á tradición, aínda que claramente renovadas e adaptadas a novas necesidades. O marco político en que ocorren estes cambios coincide coa ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) e a II República (1931-1936), dramaticamente interrompida o 18 de xullo deste último ano. Os artistas da xeración que nace próxima a 1900-1910 son designados como Os Novos polos membros do Grupo Nós e van ser os que realmente introducen unha estética diferenciada para Galicia na década dos anos vinte e, sobre todo, dos trinta do pasado século. Ao manifestar unha conciencia clara de pertenceren a unha época diferente, pretenden superar o período realista mediante novas orientacións expresivas. En xeral as afinidades ideolóxicas dos renovadores mantivéronse en canto ao compromiso co nacionalismo; eran galeguistas, pero buscaron coas súas propostas a renovación da linguaxe.

Prensa e libro, piares da cultura

A prensa influíu considerablemente na historia xeral de Galicia, pola súa tarefa formadora no campo do político e do cultural. A prensa e o libro constitúen dous instrumentos indispensables na configuración ideolóxica do devir histórico. Neste sentido o movemento galeguista favoreceu a aspiración dunha arte diferenciada, e o propio nacionalismo promoveu estudos no campo lingüístico, folclórico, musical, histórico, antropolóxico, arqueolóxico, etcétera, co obxectivo de mostrar a personalidade singular de Galicia. O nacionalismo galego reclama para Galicia a súa personalidade xeográfica, histórica, espiritual, que se concreta na autonomía en todas as ordes; significa a defensa dun espírito orixinal e propio. A nova conciencia que Galicia adquiría de si mesma oscilaba entre a exaltación do pasado, a tradición, o lamento polo presente e o desexo

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 38

de progreso. Nas súas orixes latexaba unha defensa elemental de Galicia desde posicións románticas. Para lograr os ansiados obxectivos que proclamasen o recoñecemento do ser diferente de Galicia recórrese, entre outras vías, ao uso da arte non como algo en si mesma, senón cunha finalidade, dotándoa de contido social, ademais do interese e defensa do libro como elemento non só da cultura, senón tamén como soporte estético. Así o recoñece Álvaro de las Casas nunha conferencia en Vilagarcía, en 1931:

> *Si queréis pruebas, ved la atención que nuestros escritores despiertan en la alta crítica española, el conocimiento que se tiene de nuestros investigadores en los grandes centros intelectuales europeos, y la fervorosa acogida que ha tenido el libro de Castelao sobre cruceros en la gran prensa francesa. Hay necesidad de difundir el libro gallego. No debe haber sociedad, ni casino, ni una sola biblioteca donde no esté íntegra la obra de nuestros literatos. Si es necesario hay que vender nuestros libros por las calles, como los propagandistas evangélicos. Hay que leerlos en alta voz, hay que hacer sonar el gallego, y hay que organizar urgentemente lecturas de nuestros poetas por las escuelas adelante. Visitad cada escuela un día por semana, para leer en alta voz a Rosalía y a Pondal y a Curros. Nada se opone a esta gran obra de cultura y galleguización, que la propia ley ampara...* («Conferencia de Álvaro de las Casas en Villagarcía», *El Pueblo Gallego*, 3/02/1931).

É de destacar a atención que os membros das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos mantiveron en favor de organizar unha exposición dos libros galegos que estaban a ser editados nas décadas dos anos vinte e trinta, aos que consideraban símbolos pragmáticos da rexeneración cultural e artística de Galicia. É clave neste sentido a opinión de Leandro Carré Alvarellos:

> *… Estamos pois nunha época de grande intensidade productiva e estamos tamén en tempos difíciles para a nosa fala, porque polo mesmo que moito se pubrica, se os libros emprentados levan defeitos lingüísticos, eses espallaranse e serán como as herbas malinas que derraman as sementeiras; máis se as pubricazóns van coidadas, feitas con cariño, limpas no tocante ao apuramento da fala, sentarán un bon exempro e servirán de ensinanza. Quizais por eso mesmo, mellor que pubricar moitos libros será o pubricar bós libros. Facer unha labor de cultura, de grande cultura de raza.* («A linguaxe galega e o seu momento actual», *El Pueblo Gallego*, 1/01/1928).

Juan Jesús González, na sección «Compostela ao día» de *El Pueblo Gallego*, informou sobre as pretensións do Seminario de Estudos Galegos para realizar unha exposición do libro galego, para a que solicitaba a contribución dos particulares:

> *Todos cuantos gallegos dispongan de biblioteca, deben tener en cuenta que el Seminario de Estudios Gallegos trabaja para organizar una exposición del libro gallego. Es conveniente que todo gallego capaz de interesarse por el futuro de su querida patria, sepa que esta Exposición del libro gallego va a ser una Exposición del alma y de la sensibilidad gallegas, en parte al menos. Meditad un momento sobre esta exposición del libro gallego; pensad en lo que esto puede significar para Galicia y luego ayudad a que esta obra resulte una revelación ante el mundo. Con la mayor de las pasiones debemos hacer que esta Exposición del libro gallego resulte nuestra obra más lograda. Fe, entusiasmo, patriotismo,*

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 39

> *fervor, enardecimiento, es cuanto se les pide a los gallegos en estas horas decisivas*. (*El Pueblo Gallego*, 24/12/1927).

A pesar de que a mencionada exposición non foi posible ata que en 1948 o Centro Gallego de Bos Aires a organizase na sala Kraft, evidencia o interese que o libro galego suscitaba; de tal maneira que Francisco Fernández del Riego, líder das Mocedades Galeguistas e da FUE, escribe o 25 de xullo de 1933 en *El Pueblo Gallego* de Vigo:

> *… Sobre todo a celebración da Díada do Libro galego imponse dun xeito ineludible e imperioso. E xa que non sexa posible, cecais, o realizar tan asiña unha semana adicada â cultura galega, coa emoción, coa intensidade e coa riqueza que tal empresa esixe e merece, débese escomenzar de contado a traballar para a celebración da festa do Libro Galego. Elo sería un meio eficaz para opôr â laboura desgaleguizadora disa fornada de insolventes que aínda bate as súas derradeiras escumas encontra das rocas inxentes do rexurdimento aitual. Sería un xeito claro e contundente de que Galicia demostrase unha vontade infranxible de defender a autonomía da súa cultura. Sería unha espresión decisiva para solucionar a crise e todo o aitual estado de depresión espritual en que se atopa o libro galego, sinalándolle o punto de saída para emprender o seu roteiro trunfal...*

Co obxectivo de favorecer a difusión da cultura a través do libro nace Céltiga en Ferrol, que debe a súa existencia ao esforzo realizado polas Irmandades da Fala. A través de Xaime Quintanilla, canalizan o seu interese na creación dunha editorial que permita a difusión e revalorización do idioma galego. Localizada na rúa Dolores 64-1º, a súa vida é efémera, pois en xaneiro de 1923 desaparece. O proxecto iniciado en Céltiga vai ter continuidade na editorial Lar, que nace na Coruña en novembro de 1924 grazas ao propósito de Leandro Carré Alvarellos como director e a Ánxel Casal Gosenge como administrador. Lar edita unha colección de novela curta, de corenta números en total, que se ben era frecuente en castelán, non o era no idioma galego. A iconografía do *ex libris* ou sinal de identidade é un elemento interesante en canto á capacidade do ilustrador de interpretar a personalidade do propietario da editorial ou do autor do libro. No caso do *ex libris* para a editorial Lar, o encargado de levalo a cabo é Camilo Díaz Baliño, que compartía con Carré e Casal a militancia galeguista nas Irmandades. Díaz Baliño, escritor, muralista, escenógrafo, pintor, debuxante e cartelista, concibe unha iconografía cargada de intención: o sol, o altar, a figura barbada que xa a utilizara na cuberta do libro *Almas mortas,* de Antón Villar Ponte (1922). As raíces vinculadas á tradición druídica, a visión dunha historia reinterpretada, motivará nos nacionalistas a busca de signos iconográficos de referencia, empregados no ensino do pobo, ao que se consideran coa responsabilidade de instruír, tal e como xustifica Ramón Villar Ponte en *Doctrina nazonalista* (1921):

> *... O nazonalismo ao aproveitare como instrumentos pra o seu labor de erguemento de un pobo e de creador n-él de unha concenza nazonal todal-as manifestacións da vitalidade propia -verdadeiros espoñentes difrenzadores das nazonalidades e, pol-o mesmo, testimonios inescusábeis de unha persoalidade inconfundíbel e autónoma, que por iso faise acretadora ao reconescemento e preno disfroite da libertade total-...*

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 40

Leandro Carré Alvarellos e Ánxel Casal deixan de traballar xuntos en agosto de 1927. A partir de entón a editorial Lar cambia a súa situación, da rúa Real 36-1º, onde estivera, á rúa da Franxa 34-baixo, na que permanece dirixida por Leandro Carré en solitario ata xaneiro de 1928, data en que deixa de existir. A experiencia conseguida na editorial Lar e a súa extraordinaria capacidade de traballo fan de Ánxel Casal Gosenge o editor máis importante que tivo Galicia antes da Guerra Civil. A el débeselle practicamente a existencia do libro galego, xa que as obras que saen da súa imprenta conforman a etapa máis destacada da literatura galega. Comprometido ideoloxicamente co nacionalismo, defensor do idioma como vínculo esencial na unión dos pobos, Ánxel Casal convértese na pedra angular no campo da difusión escrita. A partir de agosto de 1927 crea unha editorial nova, Nós, Pubricacións Galegas e Imprenta, que ten a sede no mesmo local onde estivera Lar, isto é, rúa Real 36-1º. Logo, en 1929, trasládase á rúa Linares Rivas 50 e en maio de 1931 a Santiago de Compostela, primeiro á rúa das Hortas 20 e dous anos despois á rúa do Vilar. O selo da editorial é obra de Castelao: un hórreo cuns nenos lendo á súa sombra. Cando o de Rianxo llo entregou a Casal, comentoulle: «Fartura de corpo e de espíritu, ese ten que ser o noso país». O pensamento de Castelao recorda o lema de Joaquín Costa, «Escuela y despensa», de maneira que o obxectivo marcado era a instrución que consideraban que había que lle facer chegar ao pobo, para que tomase conciencia de si mesmo. Encontraremos o mesmo selo ao longo de toda a historia da editorial, tanto nas cubertas como nas portadas, neste caso de tamaño máis reducido.

Editoriais Lar e Nós, apoio ao libro ilustrado

No labor das editoriais Lar e Nós están incluídos un total de oitenta e nove libros con cubertas ilustradas, distribuídos do modo que segue: editados na coruñesa Lar a referencia total de libros con cuberta ilustrada é de cincuenta. Tal número é debido á inclusión da colección de corenta novelas curtas, que presentan cubertas deseñadas por Camilo Díaz Baliño, común para todos os números e diferenciadas tan só na combinación dos filtros de cor, que varían entre distintos tons de azul, vermello, verde ou amarelo e aplícase directamente na imprenta. A partir da novela titulada *Fuxidos,* de Gonzalo López Abente, editada en 1926, altérnanse na cuberta dúas cores, unha para o fondo –azul, violeta, marrón, vermella, amarela, verde ou negra– e outra para o debuxo –branca, amarela, verde, rosa ou azul–. Díaz Baliño, con esta cuberta, dota a colección de unidade estética. A ilustración inclúe o dolmen recortado ante a lúa chea. A composición rodéase con dúas orlas de figuras relacionadas coa imaxinaría románica, que recordan o Pórtico da Gloria; mantense o desexo de mirar cara ao pasado, que se converte en fonte de inspiración, a que en Camilo Díaz Baliño adquire matices míticos e que, lonxe de ser un pretexto estético, se valora como esencial na recuperación da identidade galega. A tradición constitúe unha constante dentro da produción cultural galega no primeiro terzo do século XX.

Con ilustracións no interior, a editorial Lar publica un total de catro libros: *Os nenos*, de Xosé Filgueira Valverde, con ilustracións de Luís Pintos Fonseca; *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte, ilustrado por Álvaro Cebreiro; *Cousas*, escrito e ilustrado por Castelao; e *Na noite estrelecida,* de Ramón Cabanillas, imprentado en

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 41

Mondariz-Balneario, con debuxos de Castelao. A editorial Nós é a que sen dúbida ofrece unha maior variedade de cubertas ilustradas. Rexístranse trinta e nove libros, dos que dezasete presentan ilustracións nas súas páxinas interiores. O apoio constante ao labor desenvolvido pola editorial Nós de parte dos membros das Irmandades da Fala e o recoñecemento á calidade do seu traballo quedan reflectidos no artigo que Antón Villar Ponte publica co título «Pretextos cotidianos. Dos proposiciones para el Seminario de Estudios Gallegos» en *El Pueblo Gallego* o 22 de maio de 1934:

> *Llegan a mí dos libros primorosamente confeccionados, según es ya costumbre en la "Editorial Nós" de Compostela que merece, sin género alguno de duda, el honroso calificativo de benemérita de la Patria. Uno de Vicente Risco: "Mitteleuropa", que contiene agudas, amenas y sugeridoras impresiones de viaje. Otro de Florencio Manuel Delgado Gurriarán, manojo de poesías que responden al rubro de "Bebedeira". Versos de verdadero poeta...*

O labor desenvolvido polas editoriais Céltiga, Lar e Nós permitiu que o libro galego de preguerra sexa hoxe coñecido e valorado e que ofreza a posibilidade de investigación tanto no campo da literatura como da plástica.

Seguindo a Enric Satué, por libro enténdese «un conxunto de follas impresas ou manuscritas, agrupadas en orde progresiva para a lectura, cosidas ou pegadas entre si para funcionar a modo de bisagra, inseridas, fixadas e protexidas por unha encadernación ou cuberta». É conveniente aclarar que as ilustracións atópanse en xeral na cuberta e non na portada, como ás veces se sinala; ademais pódense atopar ilustradas as páxinas interiores, aínda que isto é menos frecuente no caso do libro galego. É por tanto na cuberta onde maioritariamente se dispón o labor plástico dos ilustradores, que mediante formulacións modernistas, simbolistas, realistas, cubofuturistas ou expresionistas achegan de maneira persoal a súa creatividade nas ilustracións dos libros. O obxectivo da cuberta ilustrada varía, entón, en función da intencionalidade. Namentres os rexionalistas conciben cubertas con escenas de costumes ou de paisaxes, mediante unha visión superficial e amable do que consideran identificador de Galicia, os nacionalistas pretenden crear unha iconografía vinculada á reinterpretación da historia, para instruír o pobo. Os renovadores, que parten da herdanza recibida e manteñen na súa maioría vínculos coa tradición, propoñen unha linguaxe nova, mediante a que se achegan a formulacións máis cosmopolitas e universais.

Ilustradores clave no deseño de libros proxectados desde a intencionalidade nacionalista son Castelao e Camilo Díaz Baliño. Ao primeiro corresponden, entre outras, as ilustracións de libros como *Cousas*, *Segundo libro de Cousas*, escritos e ilustrados por el mesmo; os libros de Ramón Cabanillas, *No desterro* e *Da terra asoballada*, cuxas cubertas e páxinas interiores recollen ilustracións que xa foran publicadas na revista ourensá *Nós*. *No desterro* mostra a dúas tintas o tema da gaivota que voa sobre o mar e en *Da terra asoballada* aplícase a campá negra que tanxe, suxeita por dúas mans brancas, ante unha fiestra. En *Cousas* aparece o tema da piedade, o cego que pide esmola, paisaxes, procesións. As ilustracións mostran actitudes de homes e mulleres cargadas de sufrimento, soidade, submisión; critícase a cidade como núcleo de infelicidade para os nenos, o poder da superstición; en definitiva, trátase de dar argumentos iconográficos en defensa da ideoloxía nacionalista. Nestes casos o labor da ilustración corresponde á editorial,

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 42

ao contar esta cos orixinais que no seu momento Castelao entregara á revista *Nós*, pois a partir do número 19, correspondente ao 25 de xullo de 1925, a revista vai ser editada por Lar e é lóxico pensar que todo o material que posuía a revista pasase a mans dos novos editores. *Na noite estrelecida* mostra na cuberta as letras romanas antigas, inspiradas nos laudes dos sepulcros, vinculadas á estética do galeguismo, acompañadas nesta ocasión pola estrela inscrita nun círculo. As páxinas interiores ilústranse con letras historiadas que serven de marco a emblemas do pasado revitalizados polo nacionalismo, como o dolmen, a cuncha de peregrino, o cáliz, o escudo, ademais de elementos decorativos procedentes da cultura castrexa. Como por exemplo o libro de Armando Cotarelo Valledor, *Hostia*, ou o escrito por Ramón Otero Pedrayo, *A romeiría de Xelmírez*, nos que as páxinas interiores se ilustran con letras historiadas que acollen figuras con instrumentos musicais inspiradas claramente na escultura románica do Pórtico da Gloria e que se repiten nas páxinas do libro de Antón Villar Ponte, *Os evanxeos da risa absoluta*. Castelao converte a liña en protagonista, os sombreados dan profundidade ás escenas, depura o anecdótico e a figura humana é primordial nas súas ilustracións, que reflicten o seu compromiso coa terra, as xentes, o idioma, en definitiva coa historia de Galicia.

Camilo Díaz Baliño, de espírito aberto e altruísta, exerceu como profesor nas escolas populares gratuítas de Santiago impartindo clase de composición decorativa. Membro da Sociedade Económica de Amigos do País, das Irmandades da Fala, do Seminario de Estudos Galegos, da Asociación de Amigos da Arte, foi nomeado delineante do Concello de Santiago en 1925, cargo que desempeña ata o seu asasinato en 1936. Realizou cubertas para *A volta do bergantiñán*, de San Luis Romero, *O poema da Cruña*, de Xosé Rubinos, a colección de noveliñas da editorial Lar ou o libro que el mesmo escribiu e ilustrou, *Conto de guerra*, con cuberta que recorda á estética do barroco, que xunto co románico é o estilo que serve de inspiración á estética nacionalista, ao ser considerados vinculados á esencia galega. As dúas ilustracións en cores vermella, laranxa, negra e azul que acompañan o texto fan referencia ao protagonista. Trátase dunha edición coidada se a comparamos coa maioría dos libros que se están a editar nese momento, de aí tamén o elevado prezo, 2 pesetas. En xeral, as ilustracións de Díaz Baliño, desde o punto de vista plástico, parten do modernismo simbolista, ao que dota dunha intencionalidade. Trátase de obter unha arte útil de enraizada tradición galega, que actúe como medio de concienciación na sociedade. A poesía barda de Pondal, a mitoloxía celta, a referencia aos druídas, o culto aos astros repítense en referencias cargadas de intencionalidade reivindicativa.

O ambiente hostil respecto á vangarda, en canto á súa mensaxe rupturista co establecido, contradicía a arte preocupada pola identidade colectiva defendida polos membros da Xeración Nós. Polo tanto a renovación non era fácil nunha sociedade en que case ninguén tiña unha conciencia clara da modernidade. O mesmo concepto de vangarda resultaba confuso incluso para aqueles que viaxaron ou viviron en París, como Fernández Mazas ou Maside. Tres son polo menos os factores que explican os cambios que a nivel artístico se producen en Galicia: a publicación do manifesto *¡Máis Alá!* en 1922, obra de Manuel Antonio, que se enmarca no terreo literario e propón unha independencia de todo influxo imitativo; a concesión de bolsas para artistas outorgadas polas deputacións provinciais, fundamentalmente a Deputación de Pontevedra, institucionalizadas a partir de 1925; e a repercusión que nos artistas produciu o Manifesto dos

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 43

Artistas Ibéricos, coñecido en Galicia grazas á súa reprodución ese mesmo ano no número 51 da revista coruñesa *Alfar*. No ámbito concreto da ilustración gráfica, todo isto ofrece aos artistas a posibilidade de liberarse de orientacións máis rigorosas, permitíndolles aventurarse en propostas máis arriscadas e suxestivas, máis radicais e combativas. Escritores como Blanco Amor, Bouza Brey, Amado Carballo, Carballo Calero, Arturo Cuadrado, Cunqueiro, Rafael Dieste, Fernández del Riego, Fole, Iglesia Alvariño, Manuel Antonio, Eugenio Montes, Otero Espasandín, Pimentel ou Tobío son coetáneos da plástica de Maside, Prego, Souto, Fernández Mazas, Manuel Méndez, Seoane, Núñez Carnicer, Torres, Xurxo Lorenzo, Colmeiro, Castro Arines, Sesto, Pubul Cartelle, considerados todos eles como Os Novos, en diferenciación dos integrantes da Xeración Nós.

Respecto ás ilustracións de libros que catalogamos de renovadoras pódense citar: *Mar ao norde*, de Álvaro Cunqueiro, e *Huellas*, de Feliciano Rolán, ambos ilustrados por Luís Seoane, quen durante a súa estancia en Santiago como estudante universitario configurou o seu pensamento político e a súa formación artística. O contacto coa imprenta compostelá de Ánxel Casal espertou a súa afección pola artesanía gráfica e o mundo editorial. Concibía Seoane a arte como elemento de compromiso social, como un diálogo coa sociedade. Nas súas ilustracións obsérvase un grafismo sinxelo, obtido da liña, da seguridade dos trazos e da fidelidade nas formas.

O libro *O vento segrel*, de Augusto María Casas, ilustrado na súa cuberta por Cándido Fernández Mazas, é un dos máis vangardistas que saen de Nós. Nesta cuberta obsérvanse referentes ás ideas de Viqueira, o coñecemento da obra de Modigliani, o pensamento de Tzara e a experiencia parisiense, que ofrecen a Fernández Mazas unha formulación surrealista asentada na conciencia individual. Mantéñense as ilustracións de pequenas dimensións, nas que as construcións urbanas se mesturan con figuras de perspectivas imposibles que poden ter o seu paralelismo na literatura hilozoísta.

O libro *Nao senlleira*, de Fermín Bouza Brey, está ilustrado por José Sesto López. Trátase do único ilustrador de cantos colaboran en Lar e Nós que puido contar con axuda oficial para o desenvolvemento desta actividade, ao recibir en 1931 unha pensión de 3000 pesetas da Deputación de Pontevedra para estudar en Madrid. Esta é a edición máis coidada de cantas se analizaron, xa que presenta cuberta en cartoné, forrada en tea verde a ambos os lados da ilustración, que representa o tan reiterado tema da vela latina. Pola súa parte, *Breviario da autonomía,* de Ramón Villar Ponte, con cuberta deseñada por Xurxo Lorenzo, mostra un ilustrador que comparte unha visión cosmopolita da arte, decidíndose pola síntese de elementos e a importancia dos volumes mediante a combinación de planos xeométricos. Por último, hai que citar os xa comentados libros *Un suceso en los arrabales*, de Antonio Ramos Varela, e *Retrincos*, de Castelao, con gravados de Carlos Maside.

Será coa II República cando os artistas conecten coa arte de Castelao, entendendo a súa mensaxe, xustificada no contexto de reivindicación nacionalista e que mantén o seu compromiso ético cos problemas que afectan a Galicia. Tal compromiso mantense nos renovadores e iso dificulta as súas prospeccións vangardistas e retarda a incorporación da arte galega á modernidade. Nos albores dos anos vinte, comezaban a debater con Risco, Otero ou Castelao os seus conceptos renovadores. Tratouse da fusión de dúas xeracións de críticos, creadores, arqueólogos, etnólogos, historiadores, que contra a metade da década dos vinte van diferenciar as súas posicións ante o feito cultu-

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 44

ral e artístico. Foron os grandes protagonistas dos anos vinte e trinta do pasado século XX e a eles débenselles as novas formulacións que propiciaron outra imaxe da cultura e da arte galegas.

Mentres que a cuberta queda como patrimonio do ilustrador, o interior, agás que teña ilustracións, é competencia case exclusiva do editor ou impresor, que en Galicia non sempre coincide na mesma sociedade. A editorial Céltiga, ao carecer de imprenta, emprega os talleres do xornal ferrolán *El Correo Gallego*. A editorial Lar da Coruña, ata que contou coa súa propia imprenta, realizou esta tarefa nos talleres coruñeses de Moret. Alí imprimíronse os cinco primeiros libros correspondentes á súa colección de noveliñas. Cómpre engadir que esta editorial imprimiu os seus libros, ademais, en Pontevedra, como é o caso de *Os nenos,* de Filgueira Valverde, na casa de Antúnez e nos talleres de Mondariz-Balneario, propiedade da familia Peinador, vinculada á ideoloxía nacionalista. De aquí saen os libros de Ramón Cabanillas, *O bendito San Amaro* e *Na noite estrelecida*. Nos talleres de impresión de Mondariz-Balneario publicábase ademais *La Temporada*, que contaba cun suplemento que se estaba a editar en Madrid co título de *Mondariz*, *Revista Mensual Ilustrada* e que chegou a ser unha das mellores publicacións da súa época, tanto pola calidade do papel e da impresión como pola nómina dos seus colaboradores. Ánxel Casal e a súa editorial Nós, Pubricacións Galegas e Imprenta, tal e como rexistra o seu nome, primeiro na Coruña e despois en Santiago, sempre contou cun taller de impresión propio. Tamén se uniron o labor de editor e impresor en casos excepcionais como o de Eugenio Carré Aldao, propietario da Librería Regional na Coruña, Jaime Solá, propietario dos Talleres de *Vida Gallega*, e José Cao Moure, propietario de Artes Gráficas, en Vigo. Cando a editorial ten que contar con talleres alleos, pódese producir certa disfunción, que se manifesta ao comparar os criterios tipográficos e os compositivos, que se son diverxentes dan como resultado un efecto negativo para o conxunto do libro.

É polo tanto o libro, ademais dun medio de comunicación escrito, un espazo, que ás veces se reserva á obra plástica. A través desta, establécese unha intención máis ou menos implícita ou explícita entre o autor do texto e o ilustrador. A dialéctica entre a forma que se ten que dar á ilustración do libro e a función que esa ilustración debe ter con frecuencia esixe certo grao de coordinación entre escritores e creadores da arte aplicada ao libro. Non obstante, a función respecto á forma non sempre se ten en conta, de maneira que, en ocasións, a cuberta do libro non garda consonancia co texto do interior. Nalgúns dos libros analizados existe unha simbiose entre texto e ilustración, é o caso de *Pelerinaxes I,* de Otero Pedrayo, con ilustracións de Vicente Risco, *Grabados en linóleum,* de Xaime Prada, glosado por varios autores, *Margarida a da sorrisa d'aurora*, de Evaristo Correa Calderón, tamén ilustrado por Xaime Prada, ou *Cantigas e verbas ao ar*, de Xulio Sigüenza, con cuberta ilustrada por Dolores Díaz Baliño, que, xunto con María Cabo (autora da cuberta de *Semprenoiva*, de Francisco Cabo Pastor), son as dúas únicas mulleres ilustradoras do libro na Galicia da época. Lolita Díaz Baliño destaca na súa cuberta a liña ondulante, sinuosa, un debuxo tratado con grande orixinalidade utilizando dúas tintas, azul turquesa e negra, combinadas co branco do soporte. A aplicación plana da cor, sen matices, establece un diálogo enigmático dos elementos que configuran esta cuberta. Obsérvase a súa vinculación á estética modernista tan presente nos Salóns de Humoristas e Debuxantes da década dos vinte, entre os que cabe citar a Zamora, Bartozzi, Manchón, Federico Ribas ou Penagos.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 45

Outros libros, polo contrario, demostran que a relación entre texto e ilustración non existe. Nestes casos a ilustración non se somete ao texto escrito senón que mantén a súa independencia no conxunto do libro. É o que ocorre en *Abellas de ouro*, de Xosé Lesta Meis, con cuberta ilustrada por Cebreiro; *O vento segrel*, de Augusto M.ª Casas, con ilustración na cuberta de Cándido Fernández Mazas; *Huellas*, de Feliciano Rolán, con ilustracións na cuberta e nas páxinas interiores de Seoane. É entón a editorial a encargada de unir os dous elementos concibidos libremente por ambos os protagonistas. Neste senso, pódese puntualizar a cuberta que realiza Camilo Díaz Baliño para a colección da editorial Lar, que, como se dixo, inclúe corenta libros publicados entre 1924 e 1928. A finalidade non é pór en relación texto e imaxe, senón buscar unha cuberta que resulte o suficientemente atractiva para que o público repare nela. Neste obxectivo a ilustración do libro ten certa vinculación coa finalidade do cartel.

Pola súa parte, a relación entre texto e imaxe, ademais do contido, ofrece múltiples variantes. As posibilidades para a ilustración do libro son numerosas; así realízanse ilustracións con deseños a toda páxina, como se pode observar nos libros *Huellas*, de Feliciano Rolán, ilustrado por Luís Seoane; *Os dous de sempre*, escrito e ilustrado por Castelao. Outras veces as ilustracións van intercaladas co texto. Neste senso pódense citar, entre outros, o libro escrito e ilustrado por Castelao, *Cincoenta homes por dez reás*, o de Antón Villar Ponte, *Os evanxeos da risa absoluta,* ou o libro *Conto de guerra*, que Camilo Díaz Baliño escribe e ilustra.

Respecto á cor empregada nas ilustracións dos libros editados en Lar e Nós, o frecuente é a monocromía e a bicromía. Nunha soa cor atópanse, entre outros, *O corazón d´un pedáneo*, de Leandro Carré Alvarellos, ilustrado por Castelao; *Grabados en linóleum*, de Xaime Prada; *Nemancos*, de Gonzalo López Abente, ou *Contiños da terra*, de Manuel García Barros, ambos con cubertas de Colmeiro, que se caracteriza pola sinxeleza, usando unha linguaxe directa e fiel ao mundo rural no que se move e que o vincula á inxenuidade primitiva; *Mar ao norde*, de Álvaro Cunqueiro, ilustrado na cuberta e páxinas interiores por Seoane; *O vento segrel*, de Augusto M.ª Casas, con cuberta de Fernández Mazas; *Fírgoas*, de Manuel Luís Acuña, ilustrado por Prego; *Bebedeira*, de Florencio Manuel Delgado Gurriarán, con cuberta ilustrada por Castro Arines. Coa utilización de dúas cores ou bicromía están: *Nao senlleira*, de Fermín Bouza Brey, con cuberta de Sesto; *O galo*, de Luís Amado Carballo, con cuberta ilustrada por Manuel Méndez; *Conto de guerra*, de Camilo Díaz Baliño. A alternancia de tres cores, tricromía, ou catro, cuadricromía, encarece considerablemente unha cuberta e polo tanto é practicamente inexistente na relación de libros editados en Galicia. Naqueles casos en que a cuberta mostra ilustracións en cor, as ilustracións das páxinas interiores, agás puntuais excepcións, serán en branco e negro.

Se as ilustracións son tipográficas, o deseño de letras pode estar unicamente na cuberta, como ocorre nos libros *Grabados en linóleum*, de Xaime Prada, *Hostia*, de Cotarelo Valledor, ou *O bendito San Amaro*, de Ramón Cabanillas, con ilustracións de Castelao. Cando se trata de letras capitais, obriga á súa inserción no texto, é o caso de *Os nenos*, de Xosé Filgueira Valverde, no que a ornamentación se debe ao traballo en linóleo de Luís Pintos Fonseca; *Na noite estrelecida*, de Cabanillas, e *Os evanxeos da risa absoluta*, de Antón Villar Ponte, ambos ilustrados por Castelao, quen no seu libro *Cousas* tamén inclúe letras capitais que deseñara para a revista ourensá *Nós*.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 46

Ánxel Casal ao servizo do libro galego

A editorial dirixida por Ánxel Casal, Nós, Pubricacións Galegas e Imprenta, supuxo o foro adecuado para as reunións entre intelectuais, artistas, escritores e todos aqueles que buscaban unir os seus esforzos para conseguir o cambio que consideraban que se debería propiciar en Galicia. Neste senso, ilustradores e escritores coinciden na elaboración de libros que a mencionada editorial Nós se encargou de difundir. Así, os artistas máis renovadores da arte galega de preguerra deixarán nas cubertas dos libros da editorial Nós a súa particular interpretación plástica. Colmeiro, Seoane, Maside, Fernández Mazas, Sesto, Xurxo Lorenzo, Prego ou Méndez combinarán as súas achegas con aqueles que teñen unha visión conservadora da arte. Castelao crea unha tipografía característica do alfabeto, que se identifica coa galeguidade e co nacionalismo e que populariza a través das páxinas da revista *Nós*. Pola súa parte, Díaz Baliño ou o propio Risco, comprometidos coa súa terra, ética e esteticamente, entenderán a arte máis como un medio que coma un fin.

A marxe do sempre cativo beneficio co que traballou Ánxel Casal, para quen a editorial era un medio de achegar a cultura ao pobo e non un negocio para enriquecerse, tivo estreiteces económicas decotío. As posibilidades editoriais na Galicia dos anos vinte e trinta do pasado século eran moi limitadas, debido en boa parte ao baixo nivel cultural que posuía por entón unha poboación maioritariamente agrícola. O nivel de analfabetismo superaba a media española e incrementábase na poboación feminina. Se lle engadimos a exclusión do idioma galego dos circuítos educativos e das institucións administrativas, é fácil deducir que toda empresa dedicada á edición de libros debería facelo en condicións bastante restrinxidas, que aínda se agravaban máis cando se trataba de editar en galego. Por todo iso, o labor desempeñado en apoio ao libro en xeral e ao ilustrado en particular é digno de encomio. Para estimular a lectura, e con ela a venda, obsérvanse nos catálogos de Nós referencias constantes á necesidade de ler, ás posibilidades que a lectura de libros proporciona e, concretamente no catálogo correspondente ao período 1927-1935, recóllese unha frase tomada de Cicerón, que manifesta o espírito que dinamiza a editorial: «Unha casa sen libros é como un corpo sen alma».

Ademais da atención que Ánxel Casal prestou á ilustración dos libros que saían da súa editorial, tamén favoreceu a divulgación de publicacións como *Universitarios*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *Amañecer*, *Máis*, *Resol*, *Claridad*, *Ser*. Tamén se encargou de imprimir os libros da editorial Resol, dirixida por Arturo Cuadrado e Luís Seoane: *Un suceso en los arrabales*, de Antonio Ramos Varela, con cuberta de Maside, e *Cantiga nova que se chama Riveira*, de Cunqueiro, con cuberta de Seoane. Na mesma liña está Ultreya, selo baixo o que se edita *Galegos insiñes.* Na cuberta aplícase a ilustración que Castelao realizara para o número 7 da revista *Nós*, publicada o 25 de outubro de 1921 e que previamente fora aplicada á cuberta do libro *A tola do Sobrán*, de Farruco Porto Rey. A imaxe do dolmen, ou mellor trílito coroado cunha estrela, pretende buscar unha referencia ao pasado mítico de Galicia. A monocromía ofrece dúas vantaxes, unha a económica, xa que o uso do branco e negro reduce o prezo da edición, e ademais o contraste de tintas é buscado intencionadamente por Castelao. Ultreya edita ademais *Refraneiro galego*, de Álvaro de las Casas, con cuberta de Luís Seoane, *Os nosos cantos*, con cuberta de Castro Arines, e *Escolma de cantigas*, ordenadas por Álvaro de las Casas, con cuberta de Cándido Fernández Mazas.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 47

Unha cultura permanece cando calla no libro. É impensable, polo tanto, a cultura galega sen o libro. O libro é un produto social no que escritores, editores, impresores e ilustradores teñen parte. A obra escrita de Lesta Meis, Risco, Otero Pedrayo, Villar Ponte, Samuel Eiján, Herminia Fariña, Basilio Álvarez, Manuel Murguía, López Abente, Ramón Cabanillas, Noriega Varela e tantos outros sería impensable sen un Martínez Salazar, Carré, José Galí Camps, Rey Romero, Compañel, Lorman, Taxonera, Pujol, Soto Freire, Ferrer, Roel, García Ybarra, Moret, Zincke Hermanos, Antúnez, Celestino Peón, Viúva de Landín, Gerardo Castro, Ánxel Casal, etcétera, que o fixeron posible. A débeda que a cultura ten contraída con estes artífices do libro, que nunca conseguiron enriquecerse a custa deste e que incluso, en máis dunha ocasión, sucumbiron economicamente, só se ve compensada co recoñecemento das xeracións presentes e futuras acerca da extraordinaria achega que estes homes e mulleres fixeron ao desenvolvemento cultural de Galicia.

Bibliografía

ALONSO GIRGADO, L. *Resol, Hojilla volandera del pueblo*. Ed. facsímile. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1984.

BARNICOAT, J. *Los carteles. Su historia y lenguaje*. Barcelona: Gustavo Gili, 1976.

BARREIRO, A. *Del arte gallego. Exposición regional de 1917*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1917.

BARREIRO, X. R. e A. ODRIOZOLA. *Historia de la imprenta en Galicia*. A Coruña: Biblioteca Gallega, 1992.

BERAMENDI, J. *Vicente Risco no nacionalismo galego*. 2 vols. Santiago: Cerne, 1981.

BERAMENDI, J. *La obra política de Ramón Villar Ponte*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1991.

BERAMENDI, J. e R. MÁIZ (coords.) *Los nacionalismos en la España de la Segunda República*. Madrid: S. XXI, Consello da Cultura Galega, 1991.

BIEDERMAMNN, H. *Diccionario de símbolos*. Barcelona: Paidós, 1993.

BOBILLO, F. *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco*. Madrid: Akal, 1981.

BONET, J. M. *Diccionario de las vanguardias en España*. Madrid: Alianza, 1995.

BOUZAS MILLÁN, X. L. *A popularización da novela curta: as coleccións Céltiga e Lar*. Vigo: A Nosa Terra, 1996.

BOZAL, V. *Los primeros diez años (1900-1910). Los orígenes del arte contemporáneo*. Madrid: La balsa de la Medusa, 1993.

BOZAL, V. *Historia de las ideas estéticas I*. Madrid: Historia 16, 1997.

BRAXE, L. e X. SEOANE (comps.). *Luís Seoane, textos sobre arte*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1996.

BRIHUEGA, J. *Las vanguardias artísticas en España (1909-1936)*. Madrid: Istmo, 1981.

BUJÁN, J. D. *Linóleos. Escola linoleísta de Pontevedra*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, 1994.

BUJÁN, J. D. *O grabado*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, 1995.

CAPELÁN REY, A. *Contra a Casa da Troia*. Santiago de Compostela: Laiovento, 1994.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 48

CARBALLO-CALERO RAMOS, M.ª V. *La ilustración en la revista Nós*. Ourense: Deputación Provincial, 1983.
CARRÉ ALDAO, U. *A imprenta e a prensa en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Xuventude, 1991.
CARRETE, J. e J. VEGA. *Entre el grabado y el diseño gráfico*. Madrid: Historia 16, 1993.
CASARES, C. *Vicente Risco*. Vigo: Galaxia, 1981.
CASTELO ÁLVAREZ, B. *Las primeras vanguardias históricas del siglo XX*. Santiago de Compostela: Tórculo, 1996.
CASTRO, X. *O galeguismo na encrucillada republicana*. Ourense: Deputación Provincial, 1985.
CASTRO FERNÁNDEZ, X. A. *Renovación e avangarda en Galicia (1925-1933). Os pensionados da Deputación de Pontevedra*. Pontevedra: Deputación Provincial, 1986.
CASTRO FERNÁNDEZ, X. A. *Arte y Nacionalismo. La vanguardia histórica gallega (1925-1936)*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1992.
CIRLOT, J. *Diccionario de símbolos*. Barcelona: Labor, 1991.
CORREA CALDERÓN, E. *El arte racial de Suárez Couto*. Lugo: Ronsel, 1925.
COSTA RICO, A. *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da restauración á Segunda República*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989.
DIESTE, R. *Encontros e vieiros. Once charlas sobre plástica, teatro e literatura*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1990.
DIESTE, R. *Crítica de arte. Textos*. Vigo: A Nosa Terra, 1995.
DOBARRO PAZ, X. M.ª e E. VÁZQUEZ SOUSA. *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2003.
ESCOLAR, H. *Historia ilustrada del libro español. La edición moderna, siglos XIX y XX*. Madrid: Fundación Sánchez Ruipérez, 1996.
ESTEVE BOTEY, F. *El grabado en la ilustración del libro. Las gráficas artísticas y las fotomecánicas*. Madrid: Doce Calles, 1996.
ESTÉVEZ ORTEGA, E. *Arte gallego*. Barcelona: Lux, 1930.
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. *Ánxel Casal e o libro galego*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1983a.
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. *Pensamento galeguista do século XX*. Vigo: Galaxia, 1983b.
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1990.
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. *Presencia de Vigo na industria do libro e nas publicacións periódicas*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1991.
FILGUEIRA VALVERDE, X. *Arredor do libro. Artigos de bibliografía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Comunicación Social, 1996.
FLEUR, M. L. DE e S. J. BALL-ROKEACH. *Teorías de la comunicación de masas*. Barcelona: Paidós, 1993.
FORCADELA, M. A *harpa e a terra*. Vigo: Xerais, 1988.
FREEDBERG, D. *El poder de las imágenes*. Madrid: Cátedra, 1992.
FREIRE LESTÓN, X. V. *A actividade editorial en Galicia (1850-1936). Apuntamentos para unha historia do libro galego*. Vigo: Cumio, 1997.
GARCÍA CALDERÓN, V. «*El arte en Galicia. Plana mayor de sus intérpretes contemporá-neos*». En: *Libro de oro de Galicia*. Madrid: Rivadeneyra, 1932.
GENNARI, M. *La educación estética. Arte y literatura*. Barcelona: Paidós, 1997.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 49

GREEN, M. J. *Mitos celtas*. Madrid: Akal, 1995.
GUBERN, R. *Medios icónicos de masas*. Madrid: Historia 16, 1997.
HERMIDA GARCÍA, M. *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1987.
JULIÁN GONZÁLEZ, I. *El cartel republicano en la Guerra Civil española*. Madrid: Ministerio de Cultura, 1993.
LEDO ANDIÓN, M. *Prensa e galeguismo: Da prensa galega do século XIX ao primeiro periódico nacionalista. 20 anos de «A Nosa Terra»*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1982.
LLORCA FREIRE, G. *Historia da prensa ferrolá (1845-1992)*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1992.
LÓPEZ VÁZQUEZ, J. M. *Novecientos. Artistas gallegos*. Vigo: Nova Galicia, 1998.
LYELL, J. *La ilustración del libro antiguo en España*. Madrid: Ollero y Ramos, 1997.
MÁIZ, B. *Galicia na Segunda República e baixo o Franquismo: 1930-1976*. Vigo: Xerais, 1988.
MÁIZ, R. *O Rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907*). Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1984.
MÁIZ, R. *O pensamento político de Murguía*. Vigo: Xerais, 1999.
MANUEL ANTONIO. *¡Máis alá!*. S.l.: San Xoán, 1922.
MÉNDEZ CASAL, A. *Galicia y su arte contemporáneo.* Conferencia lida na Exposición Regional de Arte Gallego celebrada en Santiago de Compostela en xullo de 1923. Santiago: Tip. El Eco, 1925.
MÉNDEZ RODRÍGUEZ, G. *La linoleografía en Galicia*. Pontevedra: Ed. de la Revista Spes, 1946.
MICHELI, M. DE. *Las vanguardias artísticas del siglo XX*. Madrid: Alianza, 1992.
MOLINA, C. A. *La revista Alfar y la prensa literaria de su época (1920-1930)*. A Coruña: Nós, 1984.
MOLINA, C. A. *Prensa literaria en Galicia (1809-1960)*. Vigo: Xerais, 1989.
MOLINA, C. A. *Medio siglo de prensa literaria española (1900-1950)*. Madrid: Endymión, 1990.
MON, F. *La pintura actual en Galicia*. Vigo: Faro de Vigo, 1967.
MON, F. *Del ayer histórico a la joven pintura gallega*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1974.
MORISON, S. *Principios fundamentales de la tipografía*. Barcelona: Ediciones del Bronce, 1998.
MURGUÍA, M. *Los precursores*. A Coruña: Imp. La Voz de Galicia, 1886.
ORTEGA Y GASSET, J. *La deshumanización del arte*. Madrid: Alianza Editorial, 1993.
PARDO GÓMEZ, M.ª V. e D. VILARIÑO PINTOS. *O libro galego onte e hoxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1981.
PAZ-ANDRADE, V. *Galiza lavra a súa imagen*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1985.
PENA, C. *Pintura de paisaje e ideología. La generación del 98*. Madrid: Taurus, 1982.
PENA, X. R. *Manuel Antonio e a vangarda*. Santiago: Sotelo Blanco, 1996.
PÉREZ PRIETO, V. *A Xeración Nós. Galeguismo e relixión*. Vigo: Galaxia, 1988.
PRADA, J. M. DE LA. *Mitos y leyendas*. Barcelona: MRA, 1996.
QUINTANA, X. R. e M. VALCÁRCEL. *Ramón Otero Pedrayo, vida, obra e pensamento*. Vigo: Ir Indo, 1988.
RAMÍREZ, J. A. *Medios de masas e historia del arte*. Madrid: Cátedra, 1981.
RAÑA LAMA, R. *De catro a catro e outros textos de Manuel Antonio*. Vigo: Xerais, 1989.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 50

REBOLLO SÁNCHEZ, F. *Periodismo y movimientos literarios contemporáneos españoles (1900--1939)*. Madrid: Huerga y Fierro Ed., 1998.
REVILLA, F. *Diccionario de iconografía y simbología*. Madrid: Cátedra, 1995.
RICÓN VIRULEGIO, A. *Eduardo Pondal*. Vigo: Galaxia, 1981.
RISCO, V. *Teoría nacionalista*. En: Risco, Vicente. *Obra completa*. T. I. Madrid: Akal, 1981.
RODA FERNÁNDEZ, R. *Medios de comunicación de masas. Su influencia en la sociedad y en la cultura contemporáneas*. Madrid: Siglo XXI, 1989.
RODRÍGUEZ, F. *A evolución ideolóxica de Manuel Curros Enríquez*. Vigo: A Nosa Terra, 1995.
RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *Algo acerca de la caricatura*. Pontevedra: Imp. Viuda de Landín, 1917.
RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *Diario, Francia, Bélxica, Alemania, 1921*. Ed. facsímile. Pontevedra: Deputación Provincial 1986.
RODRÍGUEZ FRAIZ, A. *Castelao na alma dos escritores do seu tempo*. Pontevedra: Deputación Provincial, 1990.
RODRÍGUEZ OTERO, R. *La escuela linoleísta de Pontevedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra, 1980.
RODRÍGUEZ YORDI, J. *La Peña y la peña*. A Coruña: Moret, 1954.
SALGADO TOIMIL, R. *Por Galicia y por el arte*. Lugo: Imp. G. de Castro, 1920.
SANTOS GAYOSO, E. *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1990.
SATUÉ, E. *El diseño gráfico. Desde sus orígenes hasta nuestros días*. Madrid: Alianza, 1988.
SATUÉ, E. *El diseño de libros del pasado, del presente y tal vez del futuro. La huella de Aldo Manuzio*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1996.
SATUÉ, E. *El diseño gráfico en España. Historia de una forma comunicativa nueva*. Madrid: Alianza Forma, 1997.
SEOANE, L. *Libro de tapas*. Bos Aires: Ediciós Botella al Mar, 1953.
SEOANE, L. *Arte galega e diseño*. Vigo: A Nosa Terra, 1994.
SEOANE, X. *A voz dun tempo. Luís Seoane: o criador total*. A Coruña: Ediciós do Castro, 1994.
SOBRINO MANZANARES, Mª. L. *Cuatro pintores gallegos contemporáneos*: *Carlos Maside, Manuel Colmeiro, Arturo Souto y Laxeiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 1974.
SOBRINO MANZANARES, Mª. L. *O cartelismo en Galicia. Desde as súas orixes ata 1936*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1993.
SOTO FREIRE, M. *La imprenta en Galicia*. Lugo: Círculo de las Artes, 1982.
SUCARRAT, F. *Luís Seoane. Su obra poética y su importancia en la literatura gallega actual*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1977.
SVEND, D. *Historia del libro*. Madrid: Alianza, 1987.
TRENC BALLESTER, E. *Las artes gráficas de la época modernista en Barcelona*. Barcelona: Gremio de Industrias Gráficas, 1977.
VALCÁRCEL, M. *A prensa en Ourense e a súa provincia*. Ourense: Deputación Provincial, 1987.
VALLE PÉREZ, X. C. *Castelao: 1886-1950*. Pontevedra, 2000.
VÁZQUEZ SOUZA, E. *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2003.
VILANOVA, F. *A pintura galega (1850-1950)*. Vigo: Xerais, 1998.
VILARIÑO PINTOS, D. e Mª. V. PARDO. *Catálogo da exposición bibliográfica de Nós*. Santiago, maio-xuño, 1979.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 51

VILLAR PONTE, R. *Doctrina nazonalista*. En: Justo G. BERAMENDI. *Obra política de Ramón Villar Ponte*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1991.
VILLARES, R. *A Historia*. Vigo: Galaxia, 1994.
VV.AA. *Lugo y su provincia (Libro de Oro)*. Vigo: P.P.K.O., 1929.
VV.AA. *A arte galega. Estado da cuestión*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1990.
VV.AA. *Libro de Oro de Galicia*. Madrid: Rivadeneyra, 1932.
VV.AA. *O libro galego a discusión*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1974.
WRIGHT, C. *Comunicación de masas. Una perspectiva sociológica*. México: Paidós, 1995.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 52

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 53

Ánxel Casal, a imprenta NÓS e o panfleto político na II República

M.ª de Lourdes Pérez González

A Martín, Marina e Hugo

«Papeles menores»

A magnitude da empresa creadora e divulgadora dos talleres de imprenta de Lar e Nós, como sinalaron xa outros colaboradores da presente publicación, dános a dimensión do naufraxio da cultura galega tras o levantamento e golpe de estado do 36.

Do labor de creación literaria, artística e xornalística destes dous talleres xa se ocuparon outros estudosos, incluso no libro que damos hoxe ao prelo[1]; por iso ímonos centrar, na presente introdución deste pequeno catálogo aínda «incompleto»[2], en dicir algunhas palabras, que sirvan de orientación ao lector e de contextualización do documento, acerca da faceta de edición do que, na época, se chamaron os «papeles menores», categoría en que se incluían panfletos, carteis, folletos, etc., tarefa da que se ocupou exclusivamente o taller de impresión de Nós. E centrarémonos aquí nesta faceta por varias razóns que consideramos de interese: 1) a importancia que adquiriron este tipo de papeis no período de constitución dunha nova realidade política, a da II República; 2) por descubrirnos un escenario de activismo e participación directa no que se viu, ou quixo estar, involucrada Nós e o propio Ánxel Casal, que terá nela por certo un protagonismo e relevo de primeira orde; e 3) porque serven de testemuña, de interese excepcional para o caso galego, dos xogos de produción ideolóxica e censura, que pronto se desatan arredor deste especial e dinámico sector de información[3].

1 Cfr. Vázquez Souza, E., *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2003.

2 Téñense novas, por relacións da policía de imprentas ou por fontes secundarias, dalgunhas outras publicacións non contempladas no presente catálogo pero si dadas ao prelo por estes dous talleres de imprenta, das que quizais, co tempo e co avance do labor de investigación, poidan recuperarse aínda exemplares e unha maior información, que permita unha reconstrución máis completa deste.

3 Sobra dicir que o xénero non era novo, se temos en conta a combativa literatura agrarista anterior, hoxe ben documentada.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 54

É por esta razón pola que a última parte do catálogo, a que recolle estes papeis menores, se converte nunha sorte de «historia viva», do día a día, do remuíño e efervescencia de ideas, manifestacións e mobilizacións sociopolíticas, actividades gremiais e profesionais, que seguiron (e encheron de contido) á implantación da II República española, de vida exigua e grato recordo, nun recuncho de provincias, nin máis nin menos que na cidade do Apóstolo Santiago, fortemente clerical e conservadora, da que chegou a ser elixido alcalde o propio Casal.

O traballo da imprenta Nós, e especialmente o labor de Ánxel Casal, preserva ademais un sinal de identidade propia, xa que este singular persoeiro, que uniu na súa persoa un rico e complexo sistema de polisemia vital e política, non necesariamente contraditoria (actor social e público; político electo e con cargo e activista de foro e praza; defensor dos valores republicanos e sometidos a certos medios de coacción, como o da censura, importados do pasado e endexamais revisados, baixo calquera escusa, como a da defensa da República; político sensible aos pluralismos doutrinais e prisioneiro das engrenaxes dun sistema que fixo escorar o réxime republicano cara a un modelo de «República burguesa en permanente estado de alerta», etc.), gustou de dar «voz», cando puido, aos sectores, sociais e de organización (política, pero tamén profesional, pequenos pero activos colectivos varios, etc.), máis marxinais; en todo caso, sectores que, doutro xeito, xamais acadarían a «visibilidade» política que tiveron e ficarían de seguro á marxe do decisivo efecto publicitario da imprenta, ferramenta ou instrumento á vez tan fráxil e tan forte neste período quente da nosa historia colectiva.

Que durante a II República, por sucesivas disposicións gobernamentais, fose obrigatoria a entrega de exemplares impresos –previo á circulación– deste material específico (folletos, anuncios, carteis, avisos, convocatorias, etc.)[4], ben fose na sede dos gobernos civís ben fose na sede da alcaldía, permítenos hoxe, en parte, reconstruír, con maior fiabilidade, os avatares non só do movemento social nestes anos, 1931-1936, en Santiago de Compostela, senón, tamén, o papel desempeñado nos eventos, como instrumento de difusión pero así mesmo de mobilización, do taller de imprenta de Nós e o protagonismo decisivo de Ánxel Casal nesta actividade; quen, en ocasións, e sirva de anécdota, chegaba, como responsable de impresión, a enviar a si mesmo, en canto cargo electo (alcalde), moitas destas pezas dunha literatura aparentemente menor, pero politicamente decisiva nuns momentos en que os ritmos do tempo histórico eran outros.

A censura republicana

A fráxil natureza da II República apréciase ben se atendemos á necesidade que tivo, unha sorte de contradición elemental entre os principios e as prácticas de manter, baixo unha manchea de coartadas que a terminaron prexudicando, uns sistemas de control e resortes de poder, herdados da Restauración borbónica, que constrinxiron, ás

4 Tivo as súas virtudes o sistema, non podemos negalo, especialmente desde o punto de vista do labor de investigación histórica, xa que en moitos casos permitiu conservar en arquivos pezas que, polo seu carácter efémero (de intervención puntual), doutro xeito se terían perdido. E, desde logo, fornece dunha privilexiada información de primeira man, outro dos valores do noso catálogo, que permite emendar importantes lagoas, acerca da «vida pública» de publicacións periódicas, series literarias, etc.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 55

veces incluso chegaron a asfixiar, o seu propio avance e desenvolvemento. Exemplo nidio disto, emblemático, é o da herdanza envelenada do sistema de censura.

Falar das actividades da imprenta Nós e de Ánxel Casal, se non queremos enganarnos, é falar dos complexos escenarios da censura da época. O crecemento en intensidade e pluralismo da mobilización social en Compostela a medida que avanza e se consolida a II República, do que dá fe o noso catálogo, hai que analizalo así, para entendelo mellor, tendo como pano de fondo o factor do control ideolóxico. Porque, en definitiva, isto axúdanos a comprender, tamén, non só os condicionantes dun sistema e as flutuacións do réxime político, senón, asemade, importante para o noso caso, as tensións, agochadas ou manifestas, que marcaron a actividade do noso persoeiro e a dimensión social e política, tamén cultural, desta.

A Constitución republicana do ano 1931, entre outras disposicións programáticas, marcou como un dos seus obxectivos preferentes e prioritarios, no relativo á declaración e garantía dos dereitos fundamentais do cidadán, o da defensa da liberdade de expresión. Sobre isto xa se pronunciara o Goberno provisional, o cal se decanta, desde o primeiro intre, na súa declaración de intencións, pola necesidade e proxecto de non só agrandar as liberdades públicas, senón tamén de artellar o marco xurídico correspondente que permitira, de feito e de modo firme e seguro, dar garantías de amparo para a súa paulatina implantación, primeiro, e consolidación, logo.

Por desgraza, como iremos vendo, as herdanzas do pasado, neste caso a lexislación de censura preservada do antigo réxime ao abeiro do conflitivo discorrer histórico-político do momento, coas conseguintes acomodacións de principios e recorte de expectativas políticas no marco dun posibilismo forzado polas circunstancias, foron minando ou posibilitaron que quedaran restrinxidos aqueles bos principios da Carta Magna republicana. Para a problemática que estamos a tratar, o caso da liberdade de expresión, imprenta ou prensa, debemos ir máis aló da declaración de intencións e do marco xurídico do texto constitucional, e resulta obrigado revisar tamén outras leis inercialmente incorporadas do pasado, así como unha serie de disposicións puntuais, que contribuíron a plasmar na realidade, de feito, este principio de dereito. Estas leis ou disposicións foron basicamente tres: a *Ley de Imprenta de 1883*, a *Ley de Defensa de la República* (1931) e a *Ley de Orden Público de 1932*.

O goberno constituínte pretendía, como principio, regular este dereito ou liberdade fundamental, para blindalo contra as eivas da política activa cotiá e os intereses e arbitrios partidistas de quen acadase e posuíse o goberno, pretendendo establecer unha regulación concreta e normativa del e establecendo un sistema de garantías e recursos de amparo que definitivamente o consagraran. Pero, a pesar da forte vontade e boa predisposición, o certo é que o parto foi, se non prematuro, certamente ambiguo. En efecto, no artigo 34 da Constitución de 1931, que regula este dereito, dise textualmente o que segue: «[a][5] Toda persona tiene derecho a emitir libremente sus ideas y opiniones, valiéndose de cualquier medio de difusión, sin sujetarse a la Censura previa./ [b] En ningún caso podrá recogerse la edición de libros y periódicos sino en virtud de mandamiento de juez competente. No podrá decretarse la suspensión de ningún periódico, sino por sentencia firme». Por unha parte, no arranque do artigo [a], en feliz sintonía coa mellor tradición republicana e liberal de máximos, confíreselle unha garantía absoluta e ilimitada ao dereito de opinión; para, na segunda parte da redacción [b], introdu-

5 Os corchetes [a] e [b] introducímolos nós.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 56

cir un elemento de disuasión e intervencionismo («xuíz competente», «sentenza firme») que, de feito, xuridicamente, o enfeblecía e restrinxía.

Razóns políticas do momento en que se fragua a Carta Magna quizais poidan explicar por que a redacción do texto ficou neste estado de ambigüidade. Non é cuestión de analizalas aquí, pero o certo é que por tal vía ían entrar logo novas restricións e limitacións, mecanismos de censura e control ideolóxico que, en último extremo, remataron por neutralizar a declaración de principios inicial.

Para empezar, mantense a vella Lei de imprenta de 1883, unha lei que a II República vai herdar da Restauración borbónica (iso si, emanada do período de maior apertura de Sagasta). Por ela dispúñase, nos artigos 6 e 7, o que segue: segundo o primeiro deles, obrígase a que todo folleto cumpra o requisito de levar «pé de imprenta», en primeiro lugar, e en segundo, depositar del «en el Gobierno de provincia, o en la Delegación especial gubernativa, o alcaldía de la población en que vea la luz» tres exemplares. Xa no artigo 7: «Los mismos requisitos se llenarán al publicar hoja suelta o cartel, y además presentará el que los publique una declaración firmada que comprenda los particulares siguientes: el nombre, apellido y domicilio del declarante. La afirmación de hallarse éste en el pleno uso de los derechos civiles y políticos (pese a que se ha superado el doctrinarismo electoral, los firmantes ponen de manifiesto el estado de pleno derecho). No será necesaria esta declaración para la publicación de las hojas sueltas o carteles de anuncios o prospectos exclusivamente comerciales, artísticos o técnicos». Queda afirmado, pois, o control sobre este sector da información; control que se proxectaba, á fin e ao cabo, pola súa vez, sobre a propia sociedade civil[6]. Os primeiros gobernos da II República non sentiron necesidade ningunha de suprimila ou modificala, e considerárona, se non complementaria, polo menos compatible co espírito constitucional. Conviviron así as novas e vellas leis. En definitiva, prestaban un servizo e permitiuse a súa inercial coexistencia, no estado de alerta permanente en que naceu e se asentou definitivamente o novo réxime político. As cousas non tardarían moito en cambiar, polo menos no plano das intencións; e para mal, como se verá logo.

Mentres tanto foi aprobada e promulgada a Ley de Defensa de la República no ano 1931. Esta lei, ao igual que toda medida de carácter excepcional, implicaba e asumía, sen dúbida, recortes e limitacións de dereitos e liberdades públicas. De aí as controversias, sospeitas e inquedanzas espertadas que rexistran puntual e fielmente os diarios de sesións do Parlamento en relación á súa utilidade e alcance: para uns, a maioría, malia todo garantía e reforzaba en xeral os dereitos e liberdades vixentes despois de 1931; para outros sectores máis minoritarios, pola contra, a lei supuña unha norma que podía ser nula, en caso de gobernos de dereita ou monárquicos, ou ben podía converterse nunha ferramenta contra a clase traballadora. Non eran as únicas inquedanzas dos deputados e da sociedade. Evidentemente o que preocupaba nos corredores, na cámara e en sectores amplos da sociedade neste intre, ademais dos vellos perigos da reacción monárquica, era a nova «ameaza comunista».

6 Que se mantivera esta disposición, con todo, tivo a virtude, pero só para investigadores e historiadores, de que se puideron conservar moitos exemplares ou información relativa a este material, algo que non ocorreu con outros sectores da información, como a prensa, como ben se ve no caso do periódico *El Ciclón* (Santiago de Compostela, 1934), do que os estudosos parecen xa resignados a non conservar máis que a reliquia do título da súa cabeceira.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 57

Que tipos de limitacións introducía? No que se refire á liberdade de expresión, a lei establecía unha serie de medidas gobernamentais naqueles supostos en que se cometesen actos de agresión á República; tipificados todos eles no seu art. 1: «Art. 1.- Son actos de agresión a la República y quedan sometidos a la presente ley. 1. La incitación a resistir o desobedecer las leyes o las disposiciones legítimas de autoridad… 3. Difundir noticias que puedan quebrantar el crédito o perturbar la paz o el orden público…». Preocupaba tamén, en moitos sectores, e así queda recollido no diario de sesións, a concentración de poder no Ministerio de Gobernación, que seguía vencellado e aproveitándose dunha administración e policía de pasado monárquico. Moitos preferían, por suposto, a volta da «censura previa» que a aplicación do artigo 2 desta. Certo é que, en tal categoría, había que contar os grandes *trust* periodísticos, así como a prensa de provincias, que vían desprotexidos os seus investimentos económicos. (Por certo, o labor de Casal estaba lonxe dos intereses e estratexias desas grandes concentracións de capital e do periodismo provinciano e de campanario).

Á marxe das boas intencións, a «censura arbitraria» e fóra de garantías administrativas e xudiciais levou a que á altura de 1932 existira unha auténtica «lista negra» de prensa, da dereita máis reaccionaria en parte, desde logo, pero curiosamente tamén, e na súa meirande parte, de esquerdas, comunistas e anarquistas (*Mundo Obrero*, *Solidaridad Obrera*, *El Libertario*, *La Tierra*, etc.). Mais o período máis duro estaba aínda por chegar. A mencionada lei manterase en vigor ata o 29 de agosto de 1933[7].

A promulgación da Ley de Orden Público de 1933 (xullo) vén a pechar este conxunto de dispositivos promulgados polo réxime republicano para a autodefensa. Nela dábase unha nova definición do que había de entenderse por «orde pública», pero incorporando moitas das disposicións que xa contemplaba a Ley de Orden Público de 1870, a da Restauración. Aínda que tiñan carácter de excepcionalidade, eran realmente instrumentos dos que, en calquera momento e situación, o Goberno podía botar man. Enuméranse no seu art. 1 os actos que afectan á orde, pero deixando unha vía aberta para a inclusión de calquera outro que, aínda sen presenza explícita no seu articulado, puidera entenderse que atentaba e alteraba a «paz pública». De feito, esta vía aberta permitía realmente fixar unha arma contra a liberdade de expresión. A lei regulaba tres posibles estados: o de prevención, o de alarma e o de guerra. Xa ao falar do primeiro establecíanse medidas concretas: «La Autoridad gubernativa, que había de anunciar por medio de bandos en el territorio respectivo las medidas que pusiera en vigor, quedaba facultada durante el estado de prevención para tomar estas medidas… c) Ordenar que todos los impresos, con excepción de los libros, que sirvan para defender ideas u opiniones políticas o sociales, sean presentados a sellar dos horas antes de ser publicados, tiempo que se reducirá a una sola para los periódicos diarios».

Co goberno Radical-Cedista, no ano 1935, este apresurouse a elaborar un Proxecto de nova lei de imprenta. O dito Proxecto, que finalmente non foi aprobado, constituía unha ferramenta máis de apoio á política represiva e de enfrontamento social e político que estaba a levar a cabo o mencionado goberno. O Proxecto foi presentado polo

7 A pesar de que no seu art. 4 considerábase o carácter transitorio desta («… Si al disolver las Cortes Constituyentes no hubieran acordado ratificar esta ley, se entenderá que queda derogada»), aprobada a Constitución, foi considerada polo Tribunal de Garantías Constitucionais «como complemento e parte integrante da Constitución». Polo seu rango constitucional, veu a instalar, de feito e de xeito permanente, no texto e corazón da Carta Magna, unha diminución nos dereitos garantidos programaticamente naquela.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 58

mesmo Lerroux, alertando, ou baixo a coartada, da necesidade de «restablecer cuanto antes en todo el país la normalidad, nos pide igualmente con apremio que presentemos a vuestra deliberación proyectos de ley que pudieran llamarse de concordia o convivencia social». Se a Lei de imprenta de 1883 reducía os dereitos fundamentais de liberdade de expresión, este Proxecto de lei de 1935 foi considerado, sen contemplacións, fóra de toda legalidade constitucional.

Os traballos e os días

A sección do catálogo a que nos estamos a referir, a dos «papeles menores», reflicte, en primeiro lugar, o estado de excepcionalidade e control ideolóxico que sufriu a República –«república burguesa», se se quere, pero réxime «republicano» á fin e ao cabo, e con inimigos poderosos– no seu denonado, e ao final estéril, esforzo de supervivencia. En segundo lugar, pon de manifesto unha dimensión de compromiso «político» de determinados talleres de imprenta, como o de Nós, para facilitar o cumprimento dun tecido de normativas obrigatorias, sobre todo a sectores políticos marxinais. En Compostela as actividades e formacións de dereitas e cristiás tiñan unhas facilidades de publicidade que A. Casal tentou proporcionar a outros grupos, sobre todo de esquerdas, anarquistas, etc., dobremente vixiados, pola dereita e polo propio goberno. En terceiro lugar, grazas a estes traballos e días do taller de imprenta e do propio Casal, hoxe podemos establecer unha pequena radiografía ou xeografía de puntos quentes e conflitos, os escenarios en que se desenvolveron e o balance de determinadas accións, ás veces só cívicas, así como reconstruír unha determinada linguaxe, case sempre de combate, que doutra forma non chegaría a nós.

Nun só documento, pois, superponse este triplo rexistro: o síntoma, o exemplo de compromiso e, finalmente, a fonte de información e memoria histórica. Non é pouco.

Bibliografía

BANGUESES VÁZQUEZ, María de las Mercedes. *La ilustración del libro en Galicia (1880-1936); Céltiga, Lar, Nós, editoriales con inquietud artística* / tese de doutoramento presentada por María de las Mercedes Bangueses Vázquez; [directora, María Victoria Carballo-Calero Ramos]. Vigo: Universidade de Vigo, 2003.

FERNÁNDEZ SEGADO, Francisco. «La defensa extraordinaria de la República». *Revista de Derecho Político*, n.º 12, 1981-1982, pp. 105-135.

GÓMEZ-REINO Y CARNOTA, Enrique. «La libertad de expresión en la II República». *Revista de Derecho Político*, n.º 12, 1981-1982, pp. 159-187.

IUSTEL.COM. Portal de Derecho en Legislación – Archivo histórico.

SOLÉ TURA, Jordi e Eliseo AJA. *Constituciones y períodos constituyentes en España (1808--1936).* Madrid: Siglo XXI España, 2003.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 59

Catálogos das editoriais Lar e Nós

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 60

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 61

I. Editorial Lar

Lar

Lar : Revista quincenal. – Ano 1, n. 1 (29 nov. 1924)–ano 5, n. 40 (xan. 1928). – A Cruña : Lar, 1924–1928 (A Cruña : Imp. Moret, Lar, 1924–1928)

40 n. ; 16 cm

Quincenal

Direitor: Leandro Carré.

Adeministrador: Ánxel Casal.

Todas as cubertas de Camilo Díaz Baliño.

Ex libris Lar de Camilo Díaz Baliño.

A partir do n. 6 deixa de ser imp. na Imprenta Moret para facelo na propia imprenta de Lar.

Desde o n. 6 : Lar : Revista mensual.

A partir do n. 36 Ánxel Casal abandona a editorial.

I. Carré Alvarellos, Leandro (1888–1976)

Fernández Flórez, Wenceslao (1885–1964)

A Miña muller : novela orixinal e inédita / Wenceslao Fernández Flórez ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928 (A Cruña : Imp. Moret , 1924). – Ano 1, n. 1 (29 nov. 1924)

[36] p. ; 16 cm

Contén: Propaganda da editorial.

A Direición: Duas verbas

Co'a humorística e fermosa novela de Wenceslao Fernández Flórez, escrita espresamente para Lar pol–o admirado amigo, encomenzamos hoxe a pubricación d'esta revista, na que poñemos todo o noso cariño e toda a nosa vontade.

Queremos que no limiar da nosa obra figuren unha verbas de agradecimento para o insine ironista que, desinteresadamente, ofreceunos a sua colaboración, como o tamén celebrado Paco Camba, demostrando así estes grandes escritores á par que o amor á Terra nai, o seu desexo de contribuir co prestixio das suas firmas e a valía das suas obras, ao enriquecemento da nosa Literatura regional, que rexurde agora renovadora e vizosa coma froito en sazón.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 62

E sexan tamén as nosas verbas primeiras un saúdo de irmandade para cantos colaboran con nós, para a prensa galega, para os letores. A todos rogámoslles acollan con agarimo esta pubricación que procuraremos mereza o seu favor.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Pita Romero, Leandro (1898–1985)

O Anarquista : novela orixinal e inédita / Leandro Pita Romero ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928 (A Cruña : Imp. Moret, 1924). – Ano 1, n. 2 (20 nadal 1924)

[36] p. ; 16 cm

Contén: Propaganda da editorial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Ribalta, Aurelio (1864–1940)

O Pastor de Doña Silvia : novela orixinal e inédita / Aurelio Ribalta ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928 (A Cruña : Imp. Moret, 1925). – Ano 2, n. 3 (3 xan. 1925)

[32] p. ; 16 cm

Ao remate do texto: Aurelio Ribalta. Chouzas da Serra (Guadarrama) a víspora de San Miguel no ano de 1924.

Contén: Propaganda da editorial.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Carré Alvarellos, Leandro (1888–1976)

Naiciña : novela orixinal e inédita / Leandro Carré ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928 (A Cruña : Imp. Moret, 1925). – Ano 2, n. 4 (17 xan. 1925)

[27] p. ; 16 cm

Ao remate do texto: Leandro Carré. Na Cruña, Nadal do 1924.

Contén: Propaganda da editorial.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Amado Carballo, Luis (1901–1927)

Os Probes de Deus / Luis Amado Carballo ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928 (A Cruña : Imp. Moret, 1925). – Ano 2, n. 5 (31 xan. 1925)

[32] p. ; 16 cm

Ao remate do texto: L. Amado Carballo. Pontevedra – Mes do San Martiño 1923.

Contén: Propaganda da editorial.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 63

Herrera Garrido, Francisca (1869–1950)

Martes d'Antroido : novela orixinal / Francisca Herrera Garrido ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 6 (9 maio 1925)

[38] p. ; 16 cm

A direición: ¡Terra a Nosa!

Este é o berro da ledicia e de amor que nos brota dos beizos ao dar feita nos propios talleres esta noveliña, realizando o noso proyeito.

Xa temos imprenta, inda que en dala montada tardamos mais do que contabamos; xa podemos novamente nos poñer en comunicación cos nosos lêtores, nosos irmans, que sinten o mesmo amor que nós pol–a fala galega, pol–as letras d'esta nosa Terra que quixéramos ver frorecentes e groriosas. Para contribuir a elo co noso grao d'area non roparamos [sic] en sacrificios, contando que nesta nosa empresa, todol–os galegos de corazón haberán de nos axudar propagando a nosa revista e lêndoa asiduamente. Pola nosa parte procuraremos que os orixinaes sigan sendo escolleitos, merecendo o favor dos lêtores.

Aproveitamos esta ocasión para dar as gracias aos nosos suscritores, aos que nos len, â prensa que con tanto agarimo acolleunos; moitas gracias. A todos, saúde, e, novamente, cheos de ledicia.

¡Terra a Nosa!

Ao remate do texto: Francisca Herrera e Garrido. Oleiros, Nadal 8 – 924.

Nota ao remate do texto: Coa autorización da autora adaptamos esta noveliña á ortografía xeneralmente empregada.

Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e de Libredón.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Fernández González, Xesús (1870–1928)

Como son os do grorioso (Antón Piruleiro) : novela orixinal e inédita / Xesús Fernández e González ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 7 (23 maio 1925)

[26] p. ; 16 cm

Outro tít.: Antón Piruleiro

Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e de Libredón.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Otero Pedrayo, Ramón (1888–1976)

Pantelas, home libre : novela orixinal e inédita / Ramón Otero Pedrayo ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 8 (6 xuño 1925)

[26] p. ; 16 cm

Nota editorial: Ista noveliña, premiada na "Festa da Lingua Galega", celebrada pola "Liga de Amigos" de Compostela no día do Señor Sant–Iago do 1924, pubrícase por concesión feita á LAR pol–o Seminario de Estudos Galegos da nosa Universidade, seu propietario.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 64

Fica prohibida a reproduzón e traduzón sen permiso da entidade devandita.
Ao remate do texto: Ramón Otero Pedrayo. 29 – San Xoan 1924.
Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e de Libredón.
Contén: Publicidade comercial.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Carré Aldao, Uxío (1859–1932)

A Terra chama : novela orixinal e inédita / Uxío Carré Aldao ; cuberta de Camilo Díaz
En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 9 (20 xuño 1925)
[2], 29 p. ; 16 cm
Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Risco, Vicente (1884–1963)

O Lobo da xente : lenda galega / relatada por Vicente Risco ; cuberta de Camilo Díaz
En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 10 (4 xullo 1925)
[31] p. ; 16 cm
Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
Contén: Relación de obras de Vicente Risco.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

López Abente, Gonzalo (1878–1963)

Buserana : novela orixinal e inédita / Gonzalo López Abente ; cuberta de Camilo Díaz
En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 11 (18 xullo 1925)
[31] p. ; 16 cm
Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

A Nosa Terra (Irmandades da Fala na Galiza e Portugal, 1916)

A Nosa Terra : Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal – N. 1 (14 nov. 1916) – n. 518 (nov. 1972). – A Coruña : [s.n.], 1916–1972

518 n. ; 34 cm

Periodicidade variable

As edicións fasc. non respectan os diferentes formatos da publicación e non son testemuña dos suplementos e manifestos que acompañaron o "Idearium" en moitos números.

A partir do n. 293 (15 abril 1932) convértese en voceiro do Partido Galeguista.

O primeiro n. impreso en Lar é o 215 (25 xullo 1925) e o último o 239 (25 xullo 1927).

Imprentados por Ánxel Casal en Nós os n. 240 (1 set. 1927) a 270 (1 abril 1930), o n. 298 (24 xuño 1933), do n. 300 (9 xullo 1933) ao n. 302 (25 xullo 1933), o n. 304 (6 ag. 1933), o n. 305 (13 ag. 1933), do n. 307 (27 ag. 1933) ao n. 314 (16 out. 1933), e do n. 316 (6 nov. 1933) ao n. 331 (14 abril 1934).

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 65

Durante os anos 1942–1972 (n. 425–518) é publicada en Bós Aires pola Irmandade Galega de Bós Aires.

Nós

Nós : Boletín mensual da cultura galega, órgao da Sociedade Nós. – Ano 1, n. 1 (30 out. 1920)–ano 50, n. 145 (30 out. 1970). – Ourense : Nós, 1920–1970 (A Cruña; Santiago : Lar : Nós, 1920–1970)

145 n. ; 28 cm

Mensual

Outro título: Nós : Boletín da cultura galega.

Desde o n. 19 (25 xullo 1925) ao n. 43 (25 xullo 1927) é imprentado en Lar; desde o n. 44 (15 ag. 1927) ao 139–144 (xullo–nadal de 1935) por Nós.

A publicación cesou co n. 139–144 (xullo – dec. 1935) pero fíxose un n. 145 (30 out. 1970), conmemorativo do cincuentenario da revista.

Entre os n. 124–125 (abr. – maio 1934) e os n. 131–132 (nov. – dec. 1934) pasa a ser bimensual, agás o n. 130 (out. 1934), que é mensual. Recupera a mensualidade nos 4 primeiros meses de 1935 e os dous últimos números aparecen como bimensual (n. 137–138) e semestral (n. 139–144), respectivamente.

Direitor literario: Vicente Risco.

Direitor artístico: Alfonso R. Castelao.

Adeministrador: Ánxel Casal.

É suplemento desta publicación: Nós. Suplemento

Castillo López, Ánxel del (1885–1961)

A Dona das torres : lenda galega / relatada por Ánxel del Castillo López ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista quincenal. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 12 (22 ag. 1925)

[23] p. ; 16 cm

Nota editorial: Rogamos a vostede nos axude:

O noso intento foi o mais grande que se fixo hastra o d'agora para conseguir a creación da novela galega "en galego". Pretendíamos que os nosos escritores adicasen â prosa, â novela, o interés que merez, e queriamos que os galegos amantes da sana lêtura tivesen unha prubicación axeitada.

Se os nosos lêtores quixeran axudarnos na nosa labor recomendando a pubricación LAR entre as suas amistades, ademais de nos favorecer contribuindo a afianzar esta nosa querida novela, farían unha obra de cultura, de patriotismo, e asegurarian a vida da pubricación que precisa de todos para se soster e mellorar.

Ao remate do texto: Ánxel del Castillo. A Cruña, Marzal de 1923.

Contén: Propaganda da editorial.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Filgueira Valverde, Xosé (1906–1996)

Os Nenos / Xosé Filgueira Valverde ; con ornamentacións de L. Pintos Fonseca ; [cuberta e contracuberta de Castelao]. – Pontevedra : Lar, 1925 (Pontevedra : Casa Antúnez, 1925)

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 66

XXVIII p. : il. ; 22 cm. – (Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos; 1)

E propiedade do autor.

Dedicatoria: Á sagra lembranza dos irmanciños mártires nas terras de Eir–Einn. Dos nenos engendrados no medo, nacidos no dór, criados na fame. Dos que morreron baixo o ferro alleo. Dos que viviron baixo do alleeiro trebon. Dos que non poideron rir, nin rebuldar ledos como nenos. Dos que choraron a reo; apouvigados como bestas. Dos que ollaron morrer os pais i–os irmans na loita pol–a Patrea e depararon morrer eles. E tamén á lembranza dos fillos dos invasores porque terán de sere mártires da sua noxenta cobiza; poque o sangue e as tristuras dos nenos de Irlanda cairán sobor de eles.

Compostela a catro de Febreiro do MCMXXV.

No colofón: Iste libriño, do que se fixeron douscentos cincuenta exemprares, saeu do prelo o dia XXV de Setembro do MCMXXV.

I. Pintos Fonseca, Luis (1906–1959), il. II. Castelao (1886–1950), il.

González López, Xoán Xesús (1895–1936)

Ana María : novela orixinal e inédita / Xoan Xesús González ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista Mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 13 (setembro 1925)

[25] p. ; 16 cm. – (Lar ; 13)

Nota editorial: A os nosos letores:

Levamos un ano de vida. Neste tempo pasado pubricamos, como pode ollarse na lista dos números saídos, unha ducias de noveliñas; todas elas inéditas e debidas aos mais prestixiosos escritores da nosa Terra, que nos axudaron cos seus fermosos traballos neste nosos intento de afiancar definitivamente a novela galega.

Para todos eles o noso agradecimento, e o noso agradecimento tamén para o público que acolleu agarimosamente a nosa pubricación, así como para a prensa que contribuíu a propagala.

Mais a nosa labor é árdua, e inda que poñemos nela todo interés, non sempre podemos acadar o que nos propoñemos porque non todo pende de nós. Unha das dificultades con que tropezamos é a falta de orixinaes. A prosa galega está nos comezos, e os nosos escritores, por outra parte, coidando sen dúvida, que estamos "fartándonos de gañar diñeiro â costa das obras alleas", salvo honrosísimas esceiciós, non se interesan en nos axudar cos seus traballos, o que nos impide cumprir como quixéramos, e obríganos á reducir a un número mensual a pubricación que viñamos facendo quincenalmente.

Como dixo moi ben un noso amigo ao falar na prensa da pubricación "Lar", a nosa empresa é de sacrificio, porque sacrificio e grande é o que vimos facendo para lograr que as obras dos nosos escritores enxebres chegen âs mans dos galegos que aman a sua Terra e a sua Literatura, que pol–o d'agora, forzoso é decilo, son moi contados.

Non é pois a nosa unha empresa industrial que vai enriquecerse, senon unha obra patriótica, e pol–o tanto á todos rogamos nos axuden nela: uns cos seus traballos, outros coa sua propaganda, todos co seu interés e o seu amor pol–as letras galegas, pol–a cultura da nosa amada Terra, na seguranza de que se hoxe non outemos utilidade imos en troques sementando para o día de mañán.

Dedicatoria: A ti fermosiña e ademirada Teresiña Neira...

Ao remate do texto: Xoan Xesús González. Compostela 13 de San Xoan 1925.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 67

Contén: Propaganda da editorial de A Nosa Terra e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Filgueira Valverde, Xosé (1906–1996)

Os Nenos / Xosé Filgueira Valverde ; con ornamentacións de L. Pintos Fonseca ; [cuberta e contracuberta de Castelao]. – [2ª ed.]. – Pontevedra : Lar : Seminario de Estudos Galegos, 1925 (Pontevedra : Casa de Antúnez, 1925)

[XXVIII] p. : il. ; 22 cm

No colofón: "Iste libriño, do que se fixeron trescentos exemprares, saeu do prelo o dia XXVII de Outubro do MCMXXV".

I. Pintos Fonseca, Luis (1906–1959), il. II. Castelao (1886–1950), il.

Carré Alvarellos, Leandro (1888–1976)

A Propia vida : novela orixinal e inédita / Leandro Carré Alvarellos ; cuberta de Camilo Díaz.

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 14 (outono 1925)

[26] p. ; 16 cm

Ao remate do texto: Leandro Carré. Mes de Santiago.

Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Bouza Brey, Fermín (1901–1973)

Cabalgadas en Salnés : Novela orixinal e inédita / F. Bouza Brey ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 15 (novembro 1925)

[22] p. ; 15 cm

Nota editorial: O noso primeiro aniversario:

Neste mes fixo un ano que saíu o primeiro número de LAR. Con ledicia cómprenos anotar esta data. A ledicia de ver que o noso proyeito vai camiño adiante; por bon camiño, según nos din os que se preocupan pol–a cultura da nosa Terra; por bon camiño, como nos din tamén os amantes da literatura galega, non d'aquela literatura xa desbotada, de calzón e de monteira, de zocos e moca, en que as cousas de mais mal gusto facían escachar de risa âs xentes. En LAR faise unha nova literatura, d'acordo cos tempos que corremos, e as novelas que pubricamos nen fan chorar nen cheiran. Ese é a xuicio de moitos o noso maior éisito.

Levamos pubricadas 15 novelas pol–as que temos recibido gabanzas. Ate o d'agora ningunha pubricación somellante fixo mais. A nosa ledicia é pois grande por tal motivo.

E non é sô a pubricación popular de noveliñas LAR o froito das nosas actividades e quereres: o rexurdimento da revista NÓS, a Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos, e outras pubricaciós de poesías, novelas, teatro, dos mellores escritores galegos, en tomiños axeitados, encomezaron á sair tamén dos NOSOS TALLERES como unha proba mais do nosos esforzo en pro das letras galegas.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 68

Mais, non queremos falar en demasía. No porvir procuraremos seguir dando cumprimento ás nosas arelas de bôs galegos, e rogamos á cantos até o d'agora nos axudaron que continuen tamén prestándonos o seu apoio de valimento, para que poidamos proseguir o noso camiño.

Saúde, e ¡Terra a Nosa!

Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Vaamonde Lores, Florencio (1860–1925)

Anxélica : novela orixinal e inédita / Florencio Vaamonde ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 2, n. 16 (nadal 1925)

[31] p. ; 16 cm

Noticia da morte do autor; notas de César Vaamonde.

Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il. II. Vaamonde Lores, César (1867–1942)

Cabanillas Enríquez, Ramón (1876–1959)

Estoria do Bendito de San Amaro que foi chamado no mundo o cabaleiro de Arentéi / Ramón Cabanillas ; [cuberta, contracuberta e debuxos de Castelao]. – Mondariz–Balneario : Lar, 1925 (Mondariz–Balneario : Imp. do Balneario, 1925)

12 f. : grav. ; 22 cm

Outro tít.: O Bendito San Amaro.

Precede ao tít.: Romance de Ramón Cabanillas. Dibuxos de Castelao.

I. Castelao (1886–1950), il.

Carré Alvarellos, Leandro (1888–1976)

O Corazón d'un pedáneo : comedia nun acto / orixinal de Leandro Carré Alvarellos ; [ilustración da cuberta de Castelao]. – A Cruña : Lar, [1925]

53 p. ; 17 cm – (Biblioteca Teatral Lar)

Primeiro premio de comedias no certame celebrado en Corcubión o 26 de setembro de 1921.

Representada pol–a primeira vez o 30 de Abril de 1922 na Irmandade da Fala da Cruña.

Ao remate do texto: A Cruña, 1921.

I. Castelao (1886–1950), il.

LAR

Catálogo das Pubricacións Lar. – [A Cruña : Lar, 1925]

4 f. ; 14 cm

Publicidade de suscripcións as Pubricacións Lar e a Nós: Revista mensual da cultura galega.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 69

Castelao (1886–1950)

Cousas / por Castelao ; [cuberta, contracuberta e ilustracións de Castelao]. – A Cruña : Lar, 1926

45 p., 2 f. : il. ; 23 cm – (Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos)

Presentado como traballo no Seminario de Estudos Galegos, co título de Cousas. Colleita de contos, o 16 de maio de 1925.

No colofón: "Este libriño saíu do prelo o día vintetrés de Xaneiro do MCMXXVI".

Lesta Meis, Xosé (1890–1930)

Manecho o da rúa : novela orixinal e inédita / Xosé Lesta Meis ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 17 (xan. 1926)

[43] p. ; 16 cm

Dúas palabras do autor sobre as razóns polas que escribiu a novela.

Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Magariños Negreira, Xulián Manuel (1904–1934)

O Kalivera 30 H.P. : novela orixinal e inédita / Xulián M. Magariños ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 18 (febr. 1926)

[32] p. ; 16 cm

Ista noveliña é propiedade do Seminario de Estudos Galegos de Compostela sin cuio permiso fica prohibida a traduzón ou reproduzón.

Ao remate do texto: Xulián M. Magariños Negreira. Compostela XI – 1925.

Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Cabanillas Enríquez, Ramón (1876–1959)

No desterro / Ramón Cabanilas ; [ilustración da cuberta de Castelao]. – [2ª ed.] – A Cruña : Lar, [1926]

87 p., 2 f. ; 17 cm – (Biblioteca Lírica Lar)

No colofón: Iste libriño saíu do prelo o trinta de Marzal do MCMXXVI.

I. Castelao (1886–1950), il.

Carré Alvarellos, Leandro (1888–1976)

O Consentimento : novela orixinal e inédita / Luis G. Vicencio ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 19 (marzal 1926)

[40] p. ; 16 cm

Ao remate do texto: Luís G. Vicencio. Madrí, Febreiro 1926.

Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 70

Cabanillas Enríquez, Ramón (1876–1959)

Na Noite estrelecida / Sagas de Ramón Cabanillas ; [cuberta, contracuberta e debuxos de Castelao]. – Mondariz–Balneario : Lar : Seminario de Estudos Galegos, 1926 (Mondariz–Balneario: Imp. do Balneario, 1926)

60 p., 2 f. ; 22 cm

Contén: A Espada Escalibor; O Cabaleiro do Santo Grial; O Sono do Rei Artur.

Dedicatoria: "A Enrique Peinador Lines".

No colofón: "Oscar Serantes rematóu de emprentar este libro o día de viernes maior do ano mil novecentos vinteséis".

I. Castelao (1886–1950), il. II. Serantes, Oscar, imp. III. Título: A Espada de Escalibor IV. Título: O Cabaleiro do Santo Grial V. Título: O Sono do Rei Artur

Cotarelo Valledor, Armando (1879–1950)

Hostia / Armando Cotarelo Valledor ; [cuberta, contracuberta e ornamentacións de Castelao]. – A Cruña : Lar, 1926

27 p., 1 f. ; 23 cm. – (Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos)

Ista fantasía tráxico–histórica foi lida no Seminario de Estudos Galegos o 21 de mayo do 1924.

No colofón: "Iste libriño saíu do prelo o VI de Abril do MCMXXVI".

Contén: Mención de fontes empregadas polo autor para escribir a obra.

Contén: Relación de obras publicadas polo autor.

I. Castelao (1886–1950), il.

Plá Zubiri, Xan (1874–1936)

Desengano : novela orixinal e inédita / Xan Pla Zubirí ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 20 (abril 1926)

[47] p. ; 16 cm

Dedicatoria: A meu irmán Pepe, cariñosamente.

Ao remate do texto: Xan Pla Zubirí. Xixona (Alicante): mes do San Xoan.

Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Cabanillas Enríquez, Ramón (1876–1959)

Da terra asoballada / Ramón Cabanillas ; [ilustración da cuberta de Castelao]. – [2ª ed.]. – A Cruña : Lar, [1926]

86 p., 1 f ; 17 cm. – (Biblioteca Lírica Lar)

No colofón: "Iste libriño saíu do prelo o día once de Maio de MCMXXVI".

I. Castelao (1886–1950), il.

Carré Alvarellos, Leandro (1888–1976)

O Home que deu vida a un morto : romance grotesco / orixinal de Leandro Carré Alvarellos ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 21 (maio 1926)

[38] p. ; 16 cm

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 71

Ao remate do texto: Leandro Carré. Na Cruña, Abril 1926.
Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
Contén: Relación de obras do autor.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Otero Pedrayo, Ramón (1888–1976)

Síntesis xeográfica de Galicia / Ramón Otero Pedrayo ; [cuberta, contracuberta e ornamentacións de Castelao]. – A Cruña : Lar, [1926]
80 p., 2 f. : map. ; 23 cm. – (Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos)
Outro tít.: Síntese xeográfica de Galicia
Nota do autor sobre o traballo.
Traballo de ingreso no Seminario de Estudos Galegos, presentado o 10 de Xaneiro de 1925.
No colofón: "Iste libriño rematouse de imprentar en "LAR" Real, 36, 1º A Cruña, o XIX de Xunio do MCMXXVI".
I. Castelao (1886–1950), il.

Risco, Vicente (1884–1963)

A Coutada : novela orixinal e inédita / Vicente Risco ; cuberta de Camilo Díaz
En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 22 (xuño 1926)
[28] p. ; 16 cm. – (Lar ; 22)
Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Fernández Armesto, Felipe (1906–2002)

Xelo, o salvaxe : novela orixinal e inédita / Felipe Fernández Armesto ; cuberta de Camilo Díaz
En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 23 (xullo 1926)
[27] p. ; 16 cm. – (Lar ; 23)
Nota editorial: No 25 de Santiago. Día de Galicia:
Día de Galicia. Día santo dos nosos amores, porque é o día consagrado â Terra, â familia, â amistade; á todo canto amamos e nos axusta nunha comunión espiritual d'enxamais, satisfeitas cobizas.
Neste día, lumioso coma un facho dos antigos chans, compre que enviemos o noso saúdo á todol–os nosos irmans galegos. E sirva tamén o noso "viva" para os alentar nas suas loitas cotiás coa vida; como á nós, os saúdos e alentos que de cote recibimos, dannos azos para, esquecendo miseirentos axes, proseguire adiante na nosa sementeira que a dar froitos vizosos nun tempo non lonxano.
Ata o d'agora, levamos pubricadas en LAR 22 noveliñas que nada teñen que envexar âs pubricadas por análogas empresas d'outras terras. Unha mocedade culta e acuciante de groriosos viceiros contribuíu ao esprendor de LAR axudando a labor dos vellos e a xa prestixiados escritores, e agardamos que á cada paso a novela galega, a novela escrita na fala da nosa terra, prosiga o seu camiño trunfal conforme as nosas pubricaciós vaian espallándose, acollidas con interés e con agarimo en tódol–os casaes de Galicia.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 72

Mais non é sômente esta a nosa labor: a imprentación d'outras obras de maior importancia, como a Biblioteca Lírica, a Biblioteca Teatral e a de grandes Novelas que xa encomenzamos á dar á luz cos tomos "No Desterro e Da Terra asoballada, de Cabanillas", e "O corazón d'un Pedaneo" de Carré, ao que seguirá "O Mariscal" de Cabanillas e Villar Ponte, e outras interesantísimas e valiosas producións dos mellores escritores galegos, merecen tamén a atención dos nosos amigos e de todol–os bôs galegos. E axiña encomenzaremos igualmente á imprentar un Diccionario Galego, que tanta falta está facendo.

A Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos de Santiago, con orixinaes de Filgueira, Castelao, Cabanillas, Otero Pedrayo, Cotarelo etc. e a revista de cultura galega Nós son asimesmo editadas por LAR.

Véxase pois como LAR que ten xa dous anos de vida intensa e xurdia laboura, continuará coa axuda de todos, que nos non cansamos de solicitare, contribuindo grandemente ao arrequecimento das letras galegas.

Saúde e ¡Terra a Nosa!

Dedicatoria: "A RAMÓN FERNÁNDEZ MATO. Maestro: perdoeme que ao insinuar o pirmeiro balbuceo de brinco me pendure comó acróbata da barra, do seu nome ilustre gran columpio para tan inexperto gimnasta".

Ao remate do texto: Felipe Fernández Armesto. Montanas da Segundeira 1926.

Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Cabanillas Enríquez, Ramón (1876–1959)

O Mariscal : Lenda tráxica / Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte ; [debuxos de Cebreiro]. – [A Coruña] : Lar, 1926

187 p. : il. ; 17 cm

Prologado polos autores.

Outro tít.: O Mariscal: traxédia histórica en verso.

No colofón: "ISTE LIBRIÑO REMATOUSE DE IMPRENTAR EN "LAR" REAL, 36, 1º A CRUÑA, O DÍA DE SAN RAMÓN DO ANO MCMXXVI".

Contén: Propaganda da editorial.

I. Villar Ponte, Antón (1881–1936). II. Cebreiro, Álvaro (1903–1956), il.

Romero Cerdeiriña, Ánxel (1901–)

O karma de Farruco Filgueira : novela orixinal e inédita / Ánxel Romero Cerdeiriña ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 24 (ag. 1926)

[44] p. ; 16 cm

Nota do autor: LIMIAR: A OS SEÑORES MEMBROS DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS:

N'esta noveliña percuramos recadar certos elementos folk–lóricos e algunhas verbas e modismos usados entre as xentes da nosa parroquia. Tamén quixemos apañar o noso grauciño prâ formación de un xénero literario que escomenza a dar xurdios froitos na nosa Patria; mais, por este lado, queremos confesar que o noso primierizo traballo non ten –non pode ter– pretensiós: con que non vos aborrecese daríase por moi contento.

O AUTOR.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 73

Ao remate do texto: Ánxel Romero Cerdeiriña. As Ventas, Maio do 1926.
Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

González López, Xoán Xesús (1895–1936)

A Filla da patrona : novela orixinal e inédita / Xuan Xesús González ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 25 (setembro 1926) [23] p. ; 16 cm

Nota editorial: Rogamos a votede [sic] nos axude:

Coa presente son 25 as novelas que levamos pubricado. Ninguén ata o de agora fixo un esforzo tan grande para arrequentar a prosa galega; un esforzo que vai dando seu froito, pois non sômente algúns vellos escritores escribiron novas obras, senon que un número non pequeno de literatos mozos acodíu ao campo das letras cunha importante engadega de páxinas ben trazadas.

O noso esforzo, en troques, anúlase ante a indiferencia dos libreiros, salvo honrosas esceicións, que non atenden as nosas pubricazons nin as espoñen nas suas vidrieras, impedindo así que os lêtores poidan saber cando aparez un novo número das novelas LAR. Esto réstanos difusión; a difusión que por comenencia de todos convén que teñan as novelas galegas.

Por esto rogamos aos nosos lêtores, aos nosos amigos, que propaguen as pubricacions LAR antre as suas amistades e parentes, cô que farán unha obra de cultura e patriotismo contribuíndo ao espallamento e progreso da literatura galega.

As novelas LAR póñense a venda o derradeiro sábado de cada mes.

Ao remate do texto: Xuan Xesús González. Compostela 15 de Maio de 1926.
Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

López Abente,Gonzalo (1878–1963)

Fuxidos... : novela orixinal e inédita / Gonzalo López Abente ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 26 (outono 1926) [55] p. ; 16 cm

Nota editorial: Aos nosos lêtores:

A noveliña que hoxe pubricamos, orixinal d'un dos mais estimados escritores galegos dos nosos tempos, que con seguranza haberá de agradar moito aos lêtores da pubricación LAR, fai cáseque un número dobre pol–as páxinas que leva, ocasionándonos un gasto proporcionado ao seu volume; mais non por eso aumentamos o prezo, desexando que os nosos lectores vexan a nosa boa vontade para os complacer, proporcionándolles novelas interesantes e ben escritas que lles den prena satisfacción, ainda impoñéndonos sacrificios; porque a nosa empresa non é industrial, senón patriótica. Queremos contribuir ao engrandecimento da Literatura Galega, da Cultura Galega; e por eso traballamos con fé, e afiuzados na crecente afición á leitura de libros galegos, de bôs libros, e co–a espranza d'unha axuda sin-

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 74

ceira e intensa para espallar as nosas pubricacións por parte de aqués que sintan as mesmas arelas de engrandecimento espiritual da nosa raza.

Por eso nos non limitamos sômente a esta labor continua de ir lanzando unha noveliña cada mes, senón que tamén editamos, como supremento â pubricación LAR de novelitas curtas, outras obras de máis páxinas, impresas en bon papel, que irán formando unha biblioteca preciosísima.

Xa pubricados os libros de Cabanillas, o poeta da raza, NO DESTERRO e DA TERRA ASOBALLADA, dimos agora ao prelo a traxedia O MARISCAL que o noso gran poeta escribiu en colaboración con Antón Villar Ponte, e que nestes días poñeráse â venda.

Non imos facer unha gabanza de O MARISCAL, pois o nome dos autores abonda para recomendar esta obra, a mellor de cantas figuran na literatura dramática galega.

Permitímonos sômente recomendarlle que merque axiña un exemprar de O MARISCAL, pois son tantos xa os pedidos que temos, que a edición feita esgotaráse rápidamente.

O MARISCAL fai un precioso tomo de 200 páxinas e vai ilustrado con fermosos dibuxos de Cebreiro. Seu prezo é de 3,50 pesetas, e aos lêtores de LAR envíase certificado contra remesa do seu importe, sen mais gastos.

Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Magariños Negreira, Xulián Manuel (1904–1934)

O Filósofo de Tamarica : novela orixinal e inédita / Xulián M. Magariños Negreira ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 27 (novembro 1926)

[26] p. ; 16 cm

Ao remate do texto: Xulián M. Magariños Negreira. VI–1926.

Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Casas Blanco, Álvaro de las (1901–1950)

O Xardín do castelo de Vidre : novela orixinal e inédita / Álvaro María de las Casas ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 3, n. 28 (nadal 1926)

[20] p. ; 16 cm

Nota editorial: Pouco a pouco a nosa labor constante vai dando froito posto que novos escritores contribuien â nosa literatura.

Din que LAR ten algúns enemigos; mais o non acreditamos. A labor de LAR que tende á crear prosa galega; que intenta tamén facer lêtores de libros galegos, non coidamos que poida dar nascimento á xenreiras ou enemistades.

Temos en troques grande confianza nos nosos amigos, nos nosos bôs amigos, que teñen atención e cariño para a nosa pubricación; que a miran con simpatía, que a propagan entre os seus conocidos, facendo así que LAR poida seguir adiante firmemente. Para eles o noso reconocimento.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 75

Algunhas cartas dannos azos e estimúlannos. Outras aconséllannos. Unha recibimos tamén [anónima dirixida a min], que nos envía un lote de verbas para que purifiquemos no posíbele o léxico das novelas.

Agradécese a boa intención, mais debemos facerlle notar ao gallego do Ferrol, que moitas das verbas que indica empréganse xa nas obras pubricadas; algunha precisa d'unha comprobación, e outras por remate veñen trabucadas, como a de Nadal que confunde con Xaneiro, Santos con Outono, espreguizar con estricar, moscar con fuxir, esparexer con ciscar, ceibar con encetar, alustro, tarima, guergullo, zume, carabela, aldraxar e algunhas mais veñen igualmente trabucadas.

Pode noustante o gallego do Ferrol nos enviare novas listas de verbas, como promete, na seguranza de que estimamos a sua axuda, posto que entre as parolas que envíe pode haber algunha aproveitable.

Nota editorial: UN DICCIONARIO GALEGO:

Ante a necesidade, cada vez mais sentida nos tempos do actual florecimiento das letras galegas, LAR quixo proporcionar aos seus lêtores un diccionario, e ten xa no prelo as primeiras páxinas.

Deste xeito non sômente compracenos aos moitos suscritores e amigos que adoito nos escriben e falan solicitando o significado de algunhas verbas pouco empregadas na conversa vulgar, senon que en xeral faremos un grande servizo espallando o conocimento da fala galega.

O diccionario galego que LAR está á imprentar conta c'un grande número de verbas perfeitamente revisadas e comprobadas e algunhas outras particularidades interesantísimas das que oportunamente falaremos.

Noustante a cantidade de páxinas que levará o seu prezo ha de ser moi baixo e estará polo tanto o alcance de todos.

Dedicatoria: "Ao marqués de Casa Real meu bon amigo".

Ao remate do texto: Álvaro María de las Casas. Casa da Rola–MCMXXVI.

Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

LAR

Catálogo das Pubricacións Lar. – [A Cruña : Lar, 1926]

4 f. ; 14 cm

Pubricidade de suscripción a Nós: Revista mensual da cultura galega.

Bergueiro López, Manuel (1898–1985)

A Pecadenta silenzosa : novela orixinal e inédita / Manuel Bergueiro López ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 4, n. 29 (xan. 1927)

[44] p. ; 16 cm

Contén: Propaganda da editorial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 76

Filgueira Valverde, Xosé (1906–1996)

A Paixaxe no Cancioeiro da Vaticana : Estraito do traballo anual presentado ó Seminario de Estudos Galegos no Curso MCMXXV–MCMXXVI/ pol–o socio fundador Xosé Filgueira Valverde ; [cuberta e ilustracións de Castelao]. – [A Cruña] : Lar, 1927

39 p.: il. ; 16 cm

Separata de: Nós, Pubricacións do Seminario de Estudos Galegos. Seición de Literatura e Filosofía.

Outro tít.: A Paisaxe no Cancioeiro da Vaticana.

Letras azuis capitular de Castelao.

Dedicatoria: Pra Ramón Otero Pedrayo xeógrafo de Galiza afervoadamentes.

Tirada limitada e fóra de venda de cen exemplares numerados coa firma do autor.

Contén os clixés en negro máis clásicos de Nós como il.

No colofón: "REMATOUSE D'IMPRENTAR EN LAR O XXI DE FEBREIRO DO MCMXXVII".

Presentado no Seminario de Estudos Galegos o 23 de outubro de 1925.

Publicado en Nós: boletín mensual da cultura galega, órgao da Sociedade Nós, n. 37, 38.

I. Castelao (1886–1950), il.

Filgueira Valverde, Xosé (1906–1996)

O Vigairo : Ensaio simbólico, orixinal e inédito / Xosé Filgueira Valverde ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 4, n. 30 (febr. 1927)

[22] p. ; 16 cm

Dedicatoria: Ó meu mestre D. Casto Sanpedro e Folgar que na Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra adicou o esforzo de unha vida, ó estudo da nosa hestoria, ofrezo, ca mais fonda ademiración, estas follas, nas que quero faguel–a miña cántiga a boa vila mariñeira de antano.

Ao remate do texto: Xosé Filgueira Valverde. Pontevedra – Mes de Xuño do ano 1925.

Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Noya Rodríguez, Celestino

Morta! : novela orixinal e inédita / Celestino Noya ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 4, n. 31 (marzal 1927)

[20] p. ; 16 cm

Contén: Propaganda da editorial e da revista Nós.

Contén: Publicidade comercial.

I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Otero Pedrayo, Ramón (1888–1976)

Escrito na néboa : novela orixinal e inédita / Ramón Otero Pedrayo ; cuberta de Camilo Díaz

En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 4, n. 32 (abril 1927)

interior de libro 041207 CON MODIFICACION DE IMAGENES:Maquetaci n 1 16/01/2008 18:47 PÆgina 77

[26] p. ; 16 cm
Ao remate do texto: R. Otero. Ourens, Nadal de 1926.
Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Fernández Casas, Rafael (1901–1936)

Loita : novela orixinal e inédita / Rafael Fernández Casas ; cuberta de Camilo Díaz
En Lar : Revista mensual. – A Cruña : Lar, 1924–1928. – Ano 4, n. 33 (maio 1927)
[36] p. ; 16 cm
Ao remate do texto: Rafael Fernández Casas. Terra de Ortigueira, no mes de Xaneiro do 1927.
Contén: Propaganda da editorial, de A Nosa Terra e da revista Nós.
Contén: Publicidade comercial.
I. Díaz Baliño, Camilo (1889–1936), il.

Casas Blanco, Álvaro de las (1901–1950)

